

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o día nove de maio de dous mil dezaioito, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

9/248 DESISTENCIA DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DO LOTE 2 “OPERACIÓNS BÁSICAS DE CÁTERING” E DO LOTE 6 “SOCORRISMO EN ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS” INCLUÍDOS NA IMPLEMENTACIÓN DE ITINERARIOS INTEGRADOS PARA A MELLORA DA FORMACIÓN E A EMPREGABILIDADE DAS PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL, NO MARCO DO PROXECTO “EMPREGALIA” COFINANCIADO NUN 91,89% POLO FONDO SOCIAL EUROPEO (CÓDIGO PROXECTO: 17241EMPREGALIA). TRAMITACIÓN DUN NOVO PROCEDEMENTO CON APROBACIÓN DE NOVOS PREGOS E APERTURA DE NOVO PRAZO DE LICITACIÓN. EXPTE. REF. 52-2017.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 26 de abril de 2018 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“Examinado o expediente de referencia e visto:

I. Proposta e prego de prescricións técnicas que rexerán a contratación dun servizo de implementación de itinerarios integrados para a mellora da formación e a empregabilidade das persoas mozas inscritas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil elaborado pola axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Lugo dentro do proxecto “EMPREGALIA” cofinanciado nun 91,89% polo Fondo Social Europeo de data 21 de novembro de 2017.

II. Certificación da Tesourería Municipal de data 28 de novembro de 2017 no que se fai constar a existencia de consignación orzamentaria na aplicación 24102.22799 para o vindeiro exercicio de 2018 por importe de 249.090 euros (RC FUT 114211).

III. Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na contratación deste servizo e correspondente informe-proposta redactado polo Servizo de Contratación do Concello en data 12 de decembro de 2017.

IV.- Informe favorable de Asesoría Xurídica de data 18 de decembro de 2017.

V.- Novo mandamento contable de retención de crédito (RC 2078) con cargo ao orzamento municipal do exercicio 2018.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 18x200090248

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-5-2018

VI.- Acordo da Xunta de Goberno Local núm. 14/26 na sesión celebrada o día 17 de xaneiro de 2018, polo que se aproba, entre outros, a contratación – mediante 7 lotes - da implementación de itinerarios integrados para a mellora da formación e a empregabilidade das persoas mozas inscritas no ficheiro do sistema nacional de garantía xuvenil, no marco do proxecto “EMPREGALIA” cofinanciado nun 91,89% polo fondo social europeo (código proxecto: 17241empregalia). O Lote 1 queda reservado a centros especiais de emprego agás ausencia de licitadores que non reúnan esta condición. EXPDTE REF. 52-2017.

VII.- Anuncio de licitación no BOP de Lugo num. 29 de data 29 de xaneiro de 2018, polo que o prazo de presentación de ofertas remataba o 14 de febreiro de 2018.

VIII.- Acta da Mesa de Contratación de 19 de febreiro de 2018 que dí:

“Á vista do cal obsérvase que a o lote 2 OPERACIÓNS BÁSICAS DE CÁTERING (2 edición) e o lote 6 SOCORRISMO EN ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS (1ª edición), non se presentou ningunha oferta, polo que os membros da mesa acordan solicitar ao servizo propoñente que tente averiguar as posibles causas, propoñendo as medidas correctoras oportunas ou, de ser o caso, a procedencia dunha nova convocatoria nos mesmos termos.

Así mesmo os membros da mesa acordan enviar a documentación presentada a informe técnico da Axente de Desenvolvemento Local, con carácter previo á apertura do sobre C) que contén a oferta económica.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:30 horas no lugar sinalado no encabezamento.”

IX.- Acordo da Xunta de Goberno Local número 23/118 de data 28 de febreiro de 2018 en virtude do cal **se declara deserto** o procedemento de contratación do LOTE 2 “OPERACIÓNS BÁSICAS DE CÁTERING” e do LOTE 6 “SOCORRISMO EN ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS” incluídos na implementación de itinerarios integrados para a mellora da formación e a empregabilidade das persoas mozas inscritas no ficheiro do sistema nacional de garantía xuvenil, no marco do proxecto “EMPREGALIA” cofinanciado nun 91,89% polo fondo social europeo (código proxecto: 17241EMPREGALIA) con apertura dun novo prazo de licitación para a súa contratación.

X.- Anuncio de licitación no BOP de Lugo num. 54 de 7 de marzo de 2018, polo que o prazo de presentación de ofertas remataba o 22 de marzo de 2018.

XI.- Acta da mesa de contratación celebrada o día 2 de abril de 2018 polo que se admiten ás empresa licitadoras G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS S.L. e CRUZ ROJA ESPAÑOLA, se procede á apertura da oferta técnica (sobres B) no

que se refire ós criterios avaliábles mediante xuízo de valor e se acorda a súa remisión á Axencia de Desenvolvemento local para que emitan informe técnico.

XII.- Acta da mesa de contratación celebrada o día 9 de abril de 2018 na que se procede á dar lectura do informe técnico emitido polo axente de desenvolvemento local, así como da apertura das ofertas económicas, resultando que a mesa acorda adxudicar os contratos ás seguintes empresas:

LOTE 6 á empresa CRUZ ROJA ESPAÑOLA.
LOTE 2 á empresa G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.

XIII.- Decreto número 18002929 de 11 de abril de 2018 de selección da oferta economicamente máis vantaxosa e requirimento de documentación á empresa G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L. remitidas o 12 de abril de 2018.

XIV.- Decreto número 18002930 de 11 de abril de 2018 de selección da oferta economicamente máis vantaxosa e requirimento de documentación á empresa CRUZ ROJA ESPAÑOLA remitidas o 12 de abril de 2018.

XV.- Documentación presentada polas mercantís G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L. e CRUZ ROJA ESPAÑOLA con datas 19 de abril e 16 de abril para poder ser adxudicatarios dos contratos, entre elas as garantías definitivas constituídas en metálico por importes de 826,80 euros (lote 2) e por importe de 1.157,30 euros (lote 6).

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de 2017, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común.
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Directiva 2014/24 UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 18x200090248

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-5-2018

PRIMEIRA.- O expediente para a contratación, mediante lotes, destes servizos de formación iniciouse mediante proposta e pregos técnicos en data 21 de novembro de 2017 remitidos pola Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local, se ben non puido ser aprobado polo órgano de contratación no exercizo 2017 de xeito que reiniciouse o expediente cunha nova consignación orzamentaria (documento contable de retención de crédito) con cargo ao exercizo 2018 en data 9 de xaneiro de 2018, sendo finalmente aprobada a contratación por acordo da Xunta de Goberno Local núm. 14/26 na sesión celebrada o día 17 de xaneiro de 2018.

A cláusula cuarta do prego de condicións técnicas establece:

*“As accións formativas realizaranse, preferentemente, durante 5-6 horas/día en horario de mañá e/ou de tarde, dende a data de adxudicación, ata a data de remate da acción formativa, que **non poderá exceder do 30 de xuño de 2018**, para as accións formativas correspondentes a primeira edición, e do 30 de novembro de 2018 nos termos establecidos na base primeira (Obxecto do contrato) destes pregos técnicos”; esta base primeira di “A contratación das segundas edicións das accións referidas, estará supeditada a que por parte da Dirección Xeral de relacións coas CC.AA. e as Entidades Locais se comunique ao Concello de Lugo a elexibilidade dos gastos que se realicen con posterioridade ao 31 de xullo de 2018. En caso contrario, a contratación se realizará soamente para unha edición.”*

Así pois resulta que tanto nos pregos de condicións técnicas como de cláusulas administrativas aprobados quedaba claro que a execución da 1ª edición debía rematar antes do 30 de xuño de 2018 e que a realización da 2ª edición quedaba condicionada a que se permitise a súa execución con posterioridade ao 31 de xullo.

Esto explícase na exposición de motivos do prego técnico cando manifesta “O período de execución do proxecto abrangue ata o 31 de decembro de 2018, se ben con datas 2 e 9 de novembro, a Dirección Xeral de Relacións coas CC.AA. e Entes Locais, comunicou a través de sendos correos electrónicos o seguinte “...En consecuencia es muy importante que conozca que, si bien el plazo de ejecución de los proyectos está previsto hasta el 31 de diciembre de 2018, **únicamente el gasto certificado a este organismo intermedio antes del 31 de julio de 2018, podrá computar para el cumplimiento de la regla n+3 correspondiente a la asignación financiera 2015. ...” “... La Entidad puede seguir ejecutando el proyecto hasta 31 de diciembre de 2018, siendo elegibles los gastos efectuados con cargo al mismo hasta esa fecha de acuerdo a las normas de la Convocatoria, **si bien debe tener en cuenta que para garantizar su contribución al cumplimiento de la regla n+3, sólo se podrán considerar aquellos cuya certificación a este OI se haya producido antes del 31 de julio de 2018. ...”** (Xúntanse a estes pregos técnicos os mencionados correos electrónicos.”.**

O certo é que no momento de iniciar o expediente (novembro de 2017) e da aprobación polo órgano de contratación o 17 de xaneiro de 2018 non se preveu



dificultade algunha que impedise que a execución das primeiras edicións de cada lote se puidesen rematar antes do 30 de xuño de 2018; pero resultou que á licitación dos lotes 2 e 6 non se presentou ningunha empresa polo que tivo que declararse deserto o procedemento e iniciar un novo un mes máis tarde do previsto (28 de febreiro de 2018).

Esta circunstancia, unida aos trámites necesarios para a adxudicación do contrato (emisión de informes de valoración, convocatoria de mesas de contratación, requirimento de documentación,...) ralentizou o procedemento non sendo ata o 16 e 19 de abril de 2018 cando as empresas presentan finalmente toda a documentación necesaria para adxudicar os contratos; ao que se terían que sumar – de seguir coa tramitación- a necesaria fiscalización pola Intervención , a aprobación da adxudicación e formalización, e todo isto a pesares dos intentos de axilizar ao máximo posible tódalas xestións.

Como resultado de todo o exposto resulta que **non se vai poder cumprir o contrato en canto ao prazo de execución**, xa que polas horas teóricas e prácticas establecidas para estes lotes 2 e 6 é practicamente imposible a súa execución completa antes do 30 de xuño de 2018.

Así o manifesta a técnico da Axencia de Emprego en informe emitido o 23 de abril de 2018 que dí:

“INFORME DE DESENVOLVEMENTO LOCAL (ESPAZO LAB) PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN –MEDIANTE 7 LOTES- DA IMPLEMENTACIÓN DE ITINERARIOS INTEGRADOS PARA A MELLORA DA FORMACIÓN E DA EMPREGABILIDADE DAS PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL, NO MARCO DO PROXECTO “EMPREGALIA”, COFINANCIADO NUN 91,89% POLO FONDO SOCIAL EUROPEO (CÓDIGO DE PROXECTO 17241EMPREGALIA). TRAMITACIÓN DUN NOVO PROCEDIMENTO E APERTURA DE NOVO PRAZO DE LICITACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DO LOTE 2 E LOTE 6. EXPTE. REF. 52-2017.

En relación co asunto de referencia informase o seguinte:

1) Nos pregos técnicos se establece que o prazo de remate das actividades formativas a contratar, tendo en conta o risco de descompromiso manifestado polo Organismo Intermedio (Dirección General de Relaciones con las Comunidades Autónomas y Entes Locales) existente na data de redacción dos mencionados pregos, sería o 30 de xuño para as primeiras edicións das actividades formativas e o 30 de novembro de 2018 para as segundas, quedando condicionadas éstas para o caso de que se recibira por parte do Organismo Intermedio da subvención comunicación de que non se produciría o citado descompromiso, o que realizou finalmente por correo electrónico en data 23 de xaneiro de 2018.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 18x200090248

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-5-2018

2) *Ainda que coa citada comunicación queda aberta a posibilidade de contratación das segundas edicións das actividades formativas, a tramitación do expediente polo que atingue á contratación dos lotes 2 e 6 tivo unha demora debido a que a licitación resultou deserta nunha primeira convocatoria e foi preciso realizar unha segunda. Esta demora fai inviable o remate das actividades formativas antes do vindeiro 30 de xuño de 2018.*

Polo antedito, propónse que se desista da contratación dos lotes 2 e 6 e que se proceda a un novo procedemento de licitación para a contratación dos mesmos.”.

SEGUNDA.- O artigo 155 do TRLCSP establece:

“A renuncia á celebración do contrato ou a desistencia do procedemento só poderá acordarse polo órgano de contratación antes da adxudicación. En ámbolos dous casos compensarase ós candidatos ou licitadores polos gastos en que houberan incorrido na forma prevista no anuncio ou no prego, ou de acordo cos principios xerais que rexen a responsabilidade da Administración.

Só poderá renunciarse á celebración do contrato por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente. Neste caso, non poderá promoverse unha nova licitación do seu obxecto en tanto subsistan as razóns alegadas para fundamentar a súa renuncia.

A desistencia do procedemento deberá estar fundado nunha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, debendo xustificarse no expediente a concorrencia da causa. A desistencia non empecerá a iniciación inmediata dun novo procedemento de licitación.”.

Neste caso, e a pesar de intentar apresurar tódolos trámites dentro do marco legal, resulta imposible executar os contratos no prazo contractualmente establecido, polo que conclúese que a licitación sufriu un defecto na adxudicación consistente en non terse realizado os diferentes trámites nos momentos adecuados que permitisen que puidese adxudicarse e formalizarse o contrato nunha data que habilitara a súa correcta execución. Nun caso similar pronúnciase o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (Resolución nº 1164/2017).

Polo exposto procede -a xuízo dos que subscriben- a desistencia do procedemento previsto no artigo 155 do TRLCSP con devolución inmediata ás empresas seleccionadas da garantía definitiva constituída.

TERCEIRA.- Dende a Dirección Xeral de Relacións coas CC.AA. e Entes Locais infórmase que non se producirá o “*descompromiso automático*” o que permite a



realización desta formación antes do 30 de novembro de 2018; esta circunstancia tería permitido a realización das segundas edicións - por así terse contemplado nos pregos - pero non a ampliación do prazo das primeiras ou únicas edicións, que remata o 30 de xuño, non téndose previsto modificación nos pregos que permitise alterar este prazo.

Así, o Concello de Lugo pode - trala desistencia do procedemento - iniciar un novo procedemento para a contratación da formación correspondente aos Lotes 2 e 6.

Por este motivo dende a Axencia de Desenvolvemento Local propoñen a iniciación dun novo procedemento, o cal – tendo en conta a entrada en vigor da nova Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público – supón a adaptación dos pregos de cláusulas administrativas anteriores á nova regulación contractual, xa que son as únicas modificacións que se deben realizar aparte do prazo de execución que se amplía en todo caso e para tódalas edicións ata o 30 de novembro. Achégase para tal fin un novo prego de prescricións técnicas en data 24 de abril.

Cómpre salientar que a entrada en vigor da nova Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público esixe para os contratos de servizos do Anexo IV que os criterios relacionados coa calidade representen polo menos o 51% da puntuación total. Isto obriga a modificar a puntuación establecida.

Por todo o anteriormente exposto e no uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local na disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro, e a normativa específica de aplicación.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilma. Sra. D.^a ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico (GMS); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMS); Ilma. Sra. D.^a MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilma. Sra. D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (GMS); Ilmo. Sr. D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (GMS); Ilma. Sra. D.^a ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía e o Ilmo. Sr. D. MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, **ACORDA:**



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 18x200090248

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-5-2018

PRIMEIRO.- Acordar a desistencia do procedemento de CONTRATACIÓN DO LOTE 2 "OPERACIÓNS BÁSICAS DE CÁTERING" E DO LOTE 6 "SOCORRISMO EN ESPAZOS ACUÁTICOS NATURALS" INCLUÍDOS NA IMPLEMENTACIÓN DE ITINERARIOS INTEGRADOS PARA A MELLORA DA FORMACIÓN E A EMPREGABILIDADE DAS PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL, NO MARCO DO PROXECTO "EMPREGALIA" COFINANCIADO NUN 91,89% POLO FONDO SOCIAL EUROPEO (CÓDIGO PROXECTO: 17241EMPREGALIA). EXPTE. REF. 52-2017 polos motivos expostos na parte expositiva, esto é, a imposibilidade de realizar a formación antes do 30 de xuño de 2018 que é o prazo de execución contemplado nos pregos.

SEGUNDO.- Aprobar unha nova contratación para a mesma finalidade e aprobar os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares que rexerán na licitación para a contratación do LOTE 2 e LOTE 6, sendo o seu teor o seguinte:

A) "PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ A CONTRATACIÓN – LOTES 2 E LOTE 6 - DA IMPLEMENTACIÓN DE ITINERARIOS INTEGRADOS PARA A MELLORA DA FORMACIÓN E A EMPREGABILIDADE DAS PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL, NO MARCO DO PROXECTO "EMPREGALIA" COFINANCIADO NUN 91,89% POLO FONDO SOCIAL EUROPEO (CÓDIGO PROXECTO: 17241EMPREGALIA). EXPTE. REF. 52-2017.

ÍNDICE

- **CLÁUSULA PRIMEIRA.** OBXECTO DO/S CONTRATO/S.
- **CLÁUSULA SEGUNDA.** NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO/S CONTRATO/S.
- **CLÁUSULA TERCEIRA.** DURACIÓN DO/S CONTRATO/S.
- **CLÁUSULA CUARTA.** ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN. VALOR ESTIMADO.
- **CLÁUSULA QUINTA.** PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN ABERTO SIMPLIFICADO. CAPACIDADE DE LICITAR. HABILITACIÓNS LEGAIS.
- **CLÁUSULA SEXTA.** CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA. CRITERIOS DE SOLVENCIA TÉCNICA. COMPROMISO DE ADSCRICIÓN DE MEDIOS
- **CLÁUSULA SÉTIMA.** GARANTÍAS. PRAZO DE GARANTÍA.
- **CLÁUSULA OITAVA.** ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.
- **CLÁUSULA NOVENA.** PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS. MODO E LUGAR.



- **CLÁUSULA DÉCIMA.** DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.
- **CLÁUSULA DÉCIMO PRIMEIRA.** MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DAS PROPOSIÇÕES.
- **CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA.** CRITERIOS DE VALORACIÓN. PREFERENCIA NA ADXUDICACIÓN.
- **CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA.** ADXUDICACIÓN DO/S CONTRATO/S.
- **CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA.** FORMALIZACIÓN DO/S CONTRATO/S.
- **CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA.** EXECUCIÓN DO/S CONTRATO/S.. MODIFICACIÓN PREVISTA DO/S CONTRATO/S. CESIÓN. SUBCONTRATACIÓN.
- **CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA.** CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS. CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN CON CARÁCTER DE OBRIGAS CONTRACTUAIS ESENCIAIS.
- **CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA.** RESPONSABILIDADE DO/S ADXUDICATARIO/S E OBRIGAS ESPECIAIS.
- **CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA.** PAGAMENTO.
- **CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA.** PENALIDADES.
- **CLÁUSULA VIXÉSIMA.** EXTINCIÓN DO/S CONTRATO/S.
- **CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMEIRA.** RÉXIME DE RECURSOS.
- **ANEXO A.** PRESENTACIÓN DE PLICAS.
- **ANEXO I.** DECLARACIÓN RESPONSABLE COMPLEMENTARIA DO DOCUMENTO ÚNICO EUROPEO DE CONTRATACION
- **ANEXO II.** DOCUMENTACIÓN PARA GABINETE DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS.

PRIMEIRA.- OBXECTO DO/S CONTRATO/S.

O obxecto deste contrato - atendendo ao obxectivo concreto do proxecto "EMPREGALIA"- é a contratación, mediante lotes, de servizos para a implementación de itinerarios integrados con docencia especializada das accións formativas seguintes pertencentes ao proxecto de referencia. Para a realización de cada acción formativa terase en conta as condicións e obxectivos que se sinalan no prego de prescricións técnicas elaboradas pola Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local. Os itinerarios denomínanse:

LOTE 2.- OPERACIÓNS BÁSICAS DE CÁTERING (2 edicións).

LOTE 6.- SOCORRISMO EN ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS (1 edición).

** Mantense a denominación Lotes 2 e 6 xa que derivan dun procedemento anterior no que foron declarados desertos e que posteriormente foi obxecto de desistimento con acordo de inicio dun novo procedemento para os mesmos.*



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 18x200090248

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-5-2018

Os alumnos percibirán unha bolsa mensual, tanto na parte práctica como na teórica, e estarán cubertos por un seguro de responsabilidade civil e de accidentes que correrán a cargo do Concello.

Cada unha das accións formativas é para 15 alumnos menores de 30 anos inscritos no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

Os licitadores poderán presentarse a un dos lotes ou aos dous.

Este contrato contén a seguinte codificación:

CPV. 80510000-2.... Servizos de formación especializada.

A necesidade a satisfacer con estes contratos é dar cumprimento ao proxecto "EMPREGALIA", subvencionado nun 91,89% polo Fondo Social Europeo, a través do Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais (Dirección Xeral de Relacións coas CC.AA e Entes Locais), tendo en conta que para executar a implementación dos itinerarios do dito proxecto é necesaria a contratación externa da formación xa que o Concello de Lugo non dispón de medios materiais nin persoais para a súa realización.

SEGUNDA.- NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO/S CONTRATO/S.

Trátase de contratos de **servizos**, recollidos e regulados nos artigos 17 e 308 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que teñen por obxecto:

A realización dun servizo de implementación de itinerarios integrados con docencia especializada das accións formativas sinaladas na cláusula primeira pertencentes ao proxecto "EMPREGALIA", isto é, un itinerario denominado "Operacións básicas de catering" (lote 2) e o denominado "Socorrismo en espazos acuáticos" (lote 6) e que están incluídos dentro do **ANEXO IV** da LCSP "servizos administrativos sociais, educativos, sanitarios e culturais".

Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de 2017, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).

10

- Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común.
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Directiva 2014/24 UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

De conformidade coa Disposición Adicional Segunda da LCSP a Xunta de Goberno local do Concello de Lugo é o órgano de contratación deste contrato sen prexuízo das delegacións que se acorden.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 190 da LCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ten as **prerrogativas** de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ao contratista a raíz da execución do contrato, suspender a súa execución, acordar a súa resolución e determinar os seus efectos. Igualmente, o órgano de contratación posúe as facultades de inspección das actividades desenvolvidas polos contratistas durante a execución do contrato, nos termos e cos límites establecidos na LCSP.

Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto no presente prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

TERCEIRA.- DURACIÓN DO/S CONTRATO/S.

As accións formativas realizaranse dende a data de formalización dos contratos administrativos, preferentemente durante 5-6 horas/día en horario de mañá e/ou tarde, ata a data de remate de cada unha delas e que non excederá **do 30 de novembro de 2018**.

CUARTA.- ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN. VALOR ESTIMADO.

4.1.- De conformidade co artigo 100 da LCSP **orzamento base de licitación^(*)** ascende a:

LOTE 2.- OPERACIÓNS BÁSICAS DE CÁTERING (2 edicións).

Cada edición:

Prezo sen IVE:16.537,19 euros.

IVE (21%): 3.472,81 €.

Total: 20.010 euros IVE incluído cada edición.

LOTE 6.- SOCORRISMO EN ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS (1 edición).

Prezo sen IVE: 26.231,40 euros.

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 18x200090248

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-5-2018

IVE (21%): 5.508,60 €.
Total: 31.740 euros IVE incluído.

Sobre estes importes de cada lote realizarán os licitadores as súas ofertas.

() comprensivo do orzamento máximo anual por toda a duración inicial do contrato IVE incluído.*

4.2.- O **valor estimado do contrato^(*)**, conforme ao artigo 101 da LCSP, ascende a:

-Valor estimado do Lote 2: 33.074,38 euros
-Valor estimado do Lote 6: 26.231,40

De conformidade co artigo 86.3 do TRLCSP e aos efectos da aplicación das normas procedimentais e de publicidade a cada lote neste procedemento de contratación tense en conta o valor estimado acumulado do conxunto dos lotes inclusive dos importes das segundas edicións, ascendendo en total a **59.305,78 IVE excluído**.

() comprensivo do orzamento máximo para toda a duración do contrato incluídas opcións, prórrogas e as posibles modificacións previstas e excluído o IVE.*

4.3.- Faise constar a existencia de consignación orzamentaria na aplicación 24102.22799 do vixente Orzamento municipal de 2018 por importe de 249.090 euros (RC 2078). Trátase dun proxecto cofinanciado polo Fondo Social Europeo a traveso do Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais (Dirección Xeral de Relacións coas CC.AA e Entes Locais) que achega o 91,89%.

4.4.- A tódolos efectos entenderase que nas ofertas e nos prezos ofertados se encontran incluídos tódolos gastos que a empresa debe realizar para o cumprimento das obrigas contratadas, como son os gastos xerais, financeiros, beneficios, seguro, transportes e desprazamentos, soldos do persoal ó seu cargo que leven a cabo a prestación dos servizos, taxas e toda clase de tributos, en especial o IVE, e en xeral, cantos gastos deba realizar a empresa para o cumprimento das obrigas contratadas.

QUINTA. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN ABERTO SIMPLIFICADO. CAPACIDADE DE LICITAR. HABILITACIÓNS LEGAIS.

Este contrato de servizos adxudicarase polo procedemento **aberto simplificado**, previsto e regulado polo artigo 159 da LCSP por ter un valor estimado inferior a 100.000 euros.

Este contrato **non está suxeito a regulación harmonizada**, ao ser un contrato de servizos comprendido no ANEXO IV da LCSP cun valor estimado inferior a 750.000 euros.

12

5.2.- Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibición de contratar indicadas no artigo 71 da LCSP e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional segundo o establecido nos artigos 65 e seguintes da LCSP; circunstancias que serán comprobadas e/ou acreditadas unha vez realizada a proposta de adxudicación a favor do candidato con mellor puntuación.

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Os empresarios deberán contar, así mesmo, coa **habilitación empresarial ou profesional** que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

5.3.- Poderán así mesmo, presentar proposicións as **unións de empresarios** que se constitúan temporalmente de conformidade co artigo 69 da LCSP.

Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, debendo indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato posuirá a plena representación ante a administración e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. **Este escrito de compromiso cos datos anteriormente indicados deberá achegarse dentro do sobre A e estar asinado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da Unión conforme o modelo do Anexo I.**

5.4.- Non poderán participar neste procedemento as empresas que participaran previamente na elaboración das especificacións técnicas ou nos documentos preparatorios do contrato ou tivesen asesorado ao órgano de contratación durante a preparación do procedemento sempre que esta participación teña o efecto de falsear a competencia ou de dispensarlle un trato privilexiado con respecto a outros posibles licitadores, estando ao previsto no artigo 70 da LCSP.

SIXTA. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA. CRITERIOS DE SOLVENCIA TÉCNICA. COMPROMISO DE ADSCRICIÓN DE MEDIOS.

6.1.- Non se esixe solvencia económica e financeira para ningún lote ao ser o seu **valor estimado é inferior a 35.000 euros** todo elo de conformidade co artigo 11.5 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 18x200090248

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-5-2018

Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas en redacción dada polo Real Decreto 773/2015 de 28 de agosto de 2015.

6.2 A solvencia técnica PARA CADA UN DOS LOTES deberá xustificarse mediante a acreditación de **experiencia na impartición de docencia en a lo menos 3 accións formativas dirixidas prioritariamente á formación de persoas traballadoras desempregadas e cun mínimo de 300 horas para cada acción durante os derradeiros cinco anos.**

Para a súa acreditación achegarán unha relación asinada polo licitador e comprensiva dos servizos realizados, descrición de cada un dos contratos, destinatario, importe e data de realización.

Xunto con esta relación achegarán certificado expedido ou visado polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público e cando o destinatario sexa un comprador privado mediante un certificado expedido por este, copia do contrato, informe da empresa contratante ou mediante a declaración do empresario de xeito que se permita comprobar o seu cumprimento.

6.3.- Ao tratarse dun contrato non suxeito a regulación harmonizada e de conformidade co artigo 90.4 da LCSP, cando o licitador sexa unha empresa de nova creación a solvencia técnica poderá acreditarse polo medios a que se refire as letras b) a i) do artigo 90.1 sen prexuízo do compromiso de medios persoais e materiais esixibles.

6.4.- De conformidade co artigo 75 da LCSP os licitadores poderá **acreditar a súa solvencia con medios externos**, isto é, baseándose na solvencia e medios doutras entidades sempre que acredite durante toda a execución do contrato que disporá efectivamente desta solvencia e medios e que esta entidade non está incurso na prohibición de contratar. Non obstante unicamente poderá recorrer aos títulos ou a experiencia profesional se esas entidades prestan os servizos para os cales son necesarias as ditas capacidades.

O licitador deberá achegar o compromiso por escrito das entidades ás que vai recorrer para acreditar a súa solvencia e xustificar o establecido no dito artigo 75.

Neste caso, de acreditación da solvencia con medios externos, establécese a **esixencia de responsabilidade con carácter solidario na execución do contrato das entidades participantes.**

6.6.- De conformidade co artigo 76 da LCSP esíxese que os licitadores presenten o **compromiso de adscribir á execución do contrato obrigatoriamente os medios persoais suficientes con coñecementos e requisitos esixidos no prego de prescricións técnicas para cada acción formativa así como compromiso de adscribir -para o caso de itinerarios destinados á obtención**

de certificados de profesionalidade- os medios materiais esixidos nos pregos de prescricións técnicas.

Os **medios persoais** consistirán en persoal docente especializado na materia respectiva, que deberá cumprir cos requisitos esixidos pola lexislación vixente para a impartición dos correspondentes certificados de profesionalidade, así como persoal especializado (un) no ámbito da orientación e intermediación laboral para o seguimento e titorización directa de cada un dos itinerarios integrados, en coordinación co persoal do Concello de Lugo.

Os **medios materiais esixidos para as accións formativas dirixidas á obtención de certificado de profesionalidade (LOTES 2 e 6)** consistirán inexcusablemente, en **aulas homologadas pola Xunta de Galicia**, así como profesorado que reúna as condicións esixidas na lexislación de aplicación para o certificado correspondente.

Estes compromisos de adscrición de medios persoais e materiais presentaranse mediante declaración conforme o modelo do ANEXO I que se incluírá dentro do sobre A.

Este compromiso configúrase como unha **obriga contractual esencial** do contrato ós efectos do artigo 223 do TRLCSP. No caso de que fose preciso a substitución do persoal comprometido os novos traballadores deberá cumprir os requisitos esixidos.

A empresa licitadora que resulte seleccionada deberá acreditar que dispón efectivamente dos medios que se comprometeu a adscribir á execución deste contrato.

SÉTIMA. GARANTÍAS. PRAZO DE GARANTÍA.

De conformidade co artigo 106 da LCSP non resulta esixible a constitución de garantía provisional.

O licitador que presente a oferta máis vantaxosa estará obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do prezo final ofertado por eles excluído o IVE, no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que recibise o requirimento a que se refire o artigo 150 da LCSP.

De non cumprirse este requisito en prazo entenderase que o licitador retirou a súa oferta procedéndose a esixirlle o importe do 3% do orzamento base de licitación IVE excluído en concepto de penalidade e a requirir a mesma documentación ao licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 18x200090248

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-5-2018

As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 108 da LCSP, esto é:

- a) En efectivo ou en valores de débeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas na LCSP e normas de desenvolvemento.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento da LCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 108 da LCSP
- c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na Lei.

A garantía definitiva responde dos conceptos sinalados no artigo 110 da LCSP.

Ó remate dos contratos subscribírase a oportuna acta de conformidade **na que se fará constar que a prestación realizada axustouse ás prescricións técnicas establecidas e ofertadas polo contratista no seu caso e que se cumpriron as condicións especiais de execución e demais obrigas de modo que non se impoñen penalidades que puideran executarse conta a garantía.**

Caso contrario farase constar na dita acta os vicios ou deficiencias requirindo ao contratista para a súa subsanación.

A garantía definitiva non será devolta ata o transcurso de cinco anos a partir da terminación de cada acción formativa, para garantir o cumprimento das obrigas de “Seguimento e coordinación dos traballos” establecidos na cláusula sexta dos pregos técnicos.

OITAVA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN.

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Lugo aloxado na Plataforma de contratación do sector público (https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3Abusqueda_licitacion_vis&ubicacionOrganica=ol2NrbYOVIO%3D).

O prazo de presentación de proposicións será de **quinze días naturais contados dende a publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante.**

De conformidade co artigo 138.3 da LCSP os interesados poderán solicitar información adicional ou realizar consultas ou preguntas durante o prazo de

licitación e antes do 7º día para a terminación do dito prazo de licitación a través do correo electrónico contratación@concellodelugo.org

A resposta a estas consultas e información publicarase no perfil do contratante antes do 6º día para a terminación do prazo de licitación.

Cando nos casos previstos no artigo 136, ou por razóns debidamente xustificadas no expediente, se estime necesario ampliar os prazos fixados de presentacións de ofertas, dita ampliación acordarase mediante resolución da Tenente de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico do que se dará o oportuno coñecemento mediante o perfil do contratante.

NOVENA. PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS. MODO E LUGAR.

As empresas presentarán a súa proposición do seguinte xeito:

Mediante unha instancia ou escrito conforme ao **Anexo A “PRESENTACIÓN DE PLICAS”** acompañada de **DOUS sobres pechados**, asinados polo proponente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, dirección, teléfono, correo electrónico e fax para os efectos de notificacións. En caso de Unión Temporal de Empresas indicaranse os datos de cada un dos empresarios, debendo os sobres ir asinados polos representantes de cada unha das empresas integrantes.

Ademais os licitadores que se atopen inscritos no Rexistro Xeral de contratistas da Xunta de Galicia ou no ROLECE deberán facelo constar no exterior do sobre A (con **indicación do nº de inscrición**).

Os ditos sobres denominaranse coas letras;
A - DECLARACIÓNS RESPONSABLES E OUTRAS DECLARACIÓNS e PROPOSTA TÉCNICA SUXEITA A CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR.
B - OFERTA ECONÓMICA E SUXEITA A CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE.

En tódolos sobres identificarase:

- O número de expediente: EXPTE. REF. 52-2017.

- No caso de lotes identificarase en cada sobre a qué lotes concorre.

De conformidade coa Disposición Adicional Décimoquinta apartado 3. c) non se admite a presentación de ofertas por medios electrónicos toda vez o Concello de Lugo non dispón na actualidade de ferramentas e dispositivos dispoñibles para os licitadores.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 18x200090248

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-5-2018

O Anexo A xunto co sobre pechado no que consta o Anexo I coas declaracións responsables e ofertas presentárase, durante o prazo indicado na cláusula anterior **UNICAMENTE no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo**, en horario das 9 ás 14 horas de luns a venres, **sen que se admita a presentación por Correos** agás que neste caso teña entrada a dita documentación no Rexistro Xeral do Concello dentro do prazo indicado.

DÉCIMA. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.

Xunto co mencionado **Anexo A "PRESENTACIÓN DE PLICAS"**, as empresas achegarán DOUS sobres pechados coa seguinte denominación e información:

O SOBRE A - DECLARACIÓN RESPONSABLES E OUTRAS DECLARACIÓN E PROPOSTA TÉCNICA SUXEITA A CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR - que incluírá:

1º.- Declaración responsable asinada polo licitador ou o seu representante de que cumpre as condicións legalmente establecidas para contratar co Concello de Lugo e que se axustará ao **modelo do ANEXO I** e no que se fará constar que reúne tódolos requisitos legal e contractualmente establecidos para poder participar na contratación de referencia, entre outros, que ten capacidade para contratar, que o asinante ten a debida representación para poder presentar a proposición e que non se atopa en prohibición para contratar nin por sí mesma ni por extensión conforme o artigo 71 da LCSP.

En particular esta declaración indicará expresamente que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato non habendo causado baixa neste, e ó corrente do seu pagamento, se fose o caso) e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

Asimesmo nesta declaración indicará que cumpre, no caso que sexa legalmente esixible, a obriga de ter empregados traballadores discapacitados nun 2 por 100 polo menos da plantilla da empresa nos termos indicados no artigo 42 do Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social así como a obriga de contar un plan de igualdade conforme o artigo 45 da Lei Orgánica 3/2007 de 22 de marzo para a igualdade de mulleres e homes.

Ademais nesta declaración indicárase o convenio colectivo que será de aplicación aos traballadores vinculados ao contrato no caso de resultar adxudicatario, así como a obriga de facilitar canta información sexa requirida sobre as condicións de traballo aplicadas efectivamente aos mesmos.

Non obstante, os licitadores deberán ter en conta que, no caso de ser propostos para ser adxudicatarios, deberán acreditar debidamente estas circunstancias no prazo e coas formalidades previstas na Lei e neste prego sen prexuízo da comprobación de oficio que poda realizarse por parte do Concello.

Se fose o caso, **compromiso de adscrición de medios materiais e/ou persoais** a que se comprometa o licitador conforme o modelo do **ANEXO I**.

No caso de que os licitadores optasen por constituírse en **Unión Temporal de Empresas** deberán achegar unha declaración responsable de cada empresa participante conforme o modelo de declaración do **Anexo I** co compromiso de constitución de UTE asinado por tódalas empresas no que indicarán os nomes e participación de cada unha.

No caso de empresas estranxeiras deberán achegar unha declaración de sometemento á xurisdicción dos xulgados e tribunais españois para resolver tódalas incidencias que podan xurdir con renuncia ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidera corresponder conforme ao modelo do Anexo I

As circunstancias relativas a capacidade e ausencia de prohibicións para contratar a que se refire o artigo 140 da LCSP deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.

Advírtese aos licitadores que a presentación de declaración responsable de que se atopa ao corrente coas obrigas tributarias coa AEAT e Concello de Lugo, da Seguridade Social e demais extremos que se declaran cumprir é obxecto de acreditación posterior antes da adxudicación e que **a falsidade nas declaracións anteriormente relacionadas ademais de impedir a adxudicación supón a existencia de prohibición para contratar (art. 60.1.e).**

2º.- A PROPOSTA TÉCNICA SUXEITA A CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR - conterá toda a documentación técnica necesaria para a valoración das proposicións presentadas de acordo cos criterios non valorables automaticamente que se indican na apartado 12.2 da cláusula décimo segunda deste prego de cláusulas administrativas particulares esto é, o programa formativo e metodoloxía de traballo.

Non poderá existir referencia algunha ao número de convenios ou compromisos que se oferten no sobre C nin o número de profesionais para implementación de itinerarios.

Esta proposta técnica non poderá conter información que permita coñecer a económica dos licitadores ou determinar a puntuación que estes acadarían en base aos criterios do Sobre B.

O incumprimento de esta condición, dará lugar a exclusión automática do procedemento de adxudicación por vulnerar os principios de discriminación e igualdade de trato.

O SOBRE B – OFERTA ECONÓMICA E SUXEITA A CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE - conterà o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don, con domicilio en e DNI nº, expedido o, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de, con DNI ou NIF nº), fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a:

CONTRATACIÓN – LOTES 2 E LOTE 6 - DA IMPLEMENTACIÓN DE ITINERARIOS INTEGRADOS PARA A MELLORA DA FORMACIÓN E A EMPREGABILIDADE DAS PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL, NO MARCO DO PROXECTO “EMPREGALIA” COFINANCIADO NUN 91,89% POLO FONDO SOCIAL EUROPEO (CÓDIGO PROXECTO: 17241EMPREGALIA). EXPTE. REF. 52-2017

b) Que me comprometo a executar o contrato conforme o seguinte:

- Que oferto un prezo de:

LOTE 2.- OPERACIÓNS BÁSICAS DE CÁTERING (2 edicións)
.....euros máis o IVE (21%)€ facendo un total de € por cada edición.

LOTE 6.- SOCORRISMO EN ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS (1 edición)
.....euros máis o IVE (21%)€ facendo un total de €.

As cantidades consignarase así mesmo en letra.

- Que oferto para o/os lotes/s que se relacionan o número de convenios ou compromisos coas empresas que se indican a maiores dos dous mínimos esixibles para a realización de prácticas dos alumnos

LOTE: (indicar número) de convenios ou compromisos.
LOTE: (indicar número) de convenios ou compromisos.
.....

**Deberá relacionar o indicar claramente o número de convenios ofertados a maiores para cada lote así como identificar a empresa coa que subscribe o convenio.*

d) **Que oferto para o/os lotes/s que se relacionan o número de profesionais para a implementación de itinerario que se indican a maiores do mínimo de un esixido para cada acción formativa.**

LOTE: (indicar número) de profesionais para a implementación de itinerario

LOTE: (indicar número) de profesionais para a implementación de itinerario

.....

**Deberá relacionar o indicar claramente o número de profesionais ofertados a maiores para cada lote.*

c) Que o convenio colectivo que será de aplicación aos traballadores vinculados ao contrato no caso de resultar adxudicatario será o seguinte, Así mesmo, comprométese a facilitar tanta información sexa requirida sobre as condicións de traballo aplicadas efectivamente aos mesmos.

d) Comunico que a empresa que represento SI/NON (sinalar o que proceda) **ten previsto subcontratar** a realización parcial deste contrato por un importe de euros á empresa sen prexuízo da comunicación que se realizará no caso de realizar outras subcontratacións durante a execución da obra de conformidade co artigo 215 da LCSP.

** En caso de comunicar que sí ten previsto subcontratar deberá achegar xunto coa oferta unha declaración responsable do/s subcontratista/s que acredite a súa capacidade de obrar e non se atopan en causa de prohibición para contratar conforme o modelo de **Anexo I***

e) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, como licitador e como adxudicatario, no seu caso e autorizo expresamente á Mesa de Contratación e ao órgano de contratación para consultar os datos do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público.

f) Que acepto que tódalas notificacións e comunicacións relacionadas con esta contratación, tanto no procedemento de licitación como durante a execución do contrato no caso de resultar adxudicatario, se realicen no **seguinte enderezo de correo electrónico:** _____.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 18x200090248

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-5-2018

g) Que a empresa que represento ten a **consideración de PEME** (pequena e mediana empresa) *Rodear cun círculo o que proceda.

- SI
- NON

h) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

Dentro deste SOBRE B deberá achegarse os documentos relativos aos compromisos/convenios asinados con diferentes empresas ou entidades onde as persoas beneficiarias poidan realizar as prácticas. Deberán achegarse tanto os dous convenios/compromisos mínimos esixidos como os ofertados a maiores.

A falta de presentación destes compromisos/convenios suporá a exclusión do procedemento de licitación.

DÉCIMO PRIMEIRA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DAS PROPOSICIÓN.

De conformidade co previsto no artigo 326 e Disposición Adicional Segunda da LCSP a Mesa de Contratación estará integrada polos seguintes membros:

Presidente/a: Xefe do servizo de contratación e na súa substitución a técnico de administración xeral do Servizo de Contratación.

Vogais:

- Titular da Asesoría Xurídica e na súa substitución a Vicesecretaria do Concello de Lugo (Titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local)
- Interventor Xeral Municipal e na súa substitución outro funcionario/a con funcións de control económico-orzamentario.
- Vicesecretario/a do Concello de Lugo (Titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local) e na súa substitución o Secretario Xeral do Pleno.
- O Secretario Xeral do Pleno e na súa substitución a Vicesecretaria do Concello de Lugo.
- Un técnico da Axencia de Desenvolvemento Local (non redactor dos rpegos técnicos).

Secretario/a: Técnico de administración xeral do Servizo de Contratación e para o

caso de que esta asuma a Presidencia, será substituída por outro/a funcionario/a do Servizo de Contratación (o Xefe de negociado ou a Administrativa da Sección de Contratación por esa orde).

O acto de apertura do **sobre A comprensivo das declaracións responsables e a proposta técnica** celebrarase **ó primeiro día hábil** contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, as 13:00 h. agás modificación publicada con antelación no Perfil do contratante.

Primeiramente a Mesa de Contratación comprobará que a declaración responsable é correcta e que contén tódalas manifestacións esixidas así como a presentación doutra documentación que no seu caso se esixise. Se ésta é correcta procederase a continuación á comprobación da proposta técnica para que non conteña dato o información algunha que deba estar no sobre B e remitiranse aos servizos técnicos para a súa avaliación conforme os criterios avaliábles mediante xuízo de valor nun prazo máximo de 7 días.

No caso de existir defectos subsanables na declaración ou na documentación que se deba presentar no sobre A concederase un prazo de tres días hábiles aos licitadores para a subsanación e corrección, tralo cal convocarase novamente a Mesa de Contratación para acordar a admisión e/ou exclusión das empresas licitadoras e remitir a proposta técnica a informe técnico.

Logo da emisión do informe de valoración convocarase aos membros da Mesa para -en acto público- proceder á lectura do informe técnico de valoración e á **apertura de ofertas económicas e suxeitas a criterios avaliábles automaticamente (sobre B)**, tralo cal realizarase a valoración final e da proposta de adxudicación por parte da mesa de contratación.

No caso de que a apertura do sobre B se realice en día distinto ó sinalado así como nos casos de celebración pola Mesa de Contratación de sesións que deban realizarse en acto público, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil de contratante do Concello de Lugo aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

DÉCIMO SEGUNDA. CRITERIOS DE VALORACIÓN. PREFERENCIA NA ADXUDICACIÓN.

Os **criterios para a valoración das ofertas presentadas para cada lote** e a determinación da oferta con mellor relación calidade-prezo serán:



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 18x200090248

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-5-2018

12.1.- CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE: Ata un máximo de 75 puntos co seguinte desglose:

- Menor prezo ofertado: Ata un máximo de 49 puntos.

A proposición que oferte o prezo máis baixo por edición excluído o IVE para cada un dos lotes obterá a máxima puntuación (49 puntos) e as proposicións que presenten o prezo tipo de licitación obterán 0 puntos. As restantes proposicións valoraranse de xeito directamente proporcional. A estes efectos, considerarase o prezo ofertado sen ter en conta os valores decimais, que se redondearán ao número enteiro máis próximo. No caso de resultar 0,5 o redondeo efectuarase á cifra superior.

A valoración do prezo ofertado realizarase excluíndo o Imposto sobre Valor Engadido. Nos casos de presentación de ofertas por parte de entidades que estean exentas do IVE pola prestación deste servizo, o prezo máximo de licitación será o prezo sen IVE establecido nestes pregos.

Consideraranse ofertas anormais ou desproporcionadas aquelas ofertas que estean nos supostos establecidos no artigo 85 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos, sen prexuízo da súa valoración por parte da mesa de contratación.

Aos efectos de xustificar a viabilidade da oferta incurso inicialmente en temeridade terase en conta que a xustificación garanta o cumprimento da lexislación en materia social ou laboral de xeito que, de non garantirse co prezo ofertado pola empresa para este contrato a cobertura dos custos salariais do persoal adscrito a este contrato e que se deriven do Convenio Colectivo sectorial/de aplicación máis as melloras laborais e salariais ofertadas no seu caso, entenderase non xustificada a oferta por non acreditar a viabilidade da execución do contrato.

Asimesmo e de conformidade co artigo 149 da LCSP rexeitaranse as ofertas que se comprobe vulneren a normativa sobre subcontratación ou non cumpran as obrigas en materia medioambiental, social ou laboral tanto nacionais como internacionais ou incumplan o convenio colectivo aplicable para esta actividade.

- Aumento no número de compromisos ou convenios con empresas para a realización de prácticas profesionais: Ata un máximo de 13 puntos.

A proposición que para cada lote oferte o maior número de compromisos ou convenios con empresas para a realización de prácticas a maiores dos dous (2) obrigatorios obterán 13 puntos. As que non oferten convenios a maiores obterán 0 puntos e as restantes proposicións valoraranse de xeito directamente proporcional

-Número de profesionais especializados na orientación e intermediación laboral para o seguimento e titorización dos alumnos (implementación de itinerario): Ata un máximo de 13 puntos.

A proposición que para cada lote oferte o maior número de profesionais especializados na orientación e intermediación laboral para o seguimento e titorización dos alumnos a maiores do mínimo de un (1) esixido nos pregos técnicos obterán 13 puntos. As que non oferten profesionais a maiores obterán 0 puntos e as restantes proposicións valoraranse de xeito directamente proporcional.

12.2.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR: Ata un máximo de 25 puntos.

- Memoria detallada de implementación de itinerarios (programa formativo): Ata un máximo de 25 puntos.

Avaliarase o grao de detalle que conteña o **programa formativo** (contidos formativos de cada módulo e desagregación das unidades formativas), xunto coa descrición que se faga da metodoloxía que se empregará en cada módulo, persoal adscrito, instrumentos de avaliación e ferramentas informáticas que axuden ao tratamento estatístico e dos indicadores do seguimento da formación das persoas beneficiarias así como calquera outra información que axude á mellor comprensión da proposta técnica.

Obterá a máxima puntuación a oferta que, a xuízo dos técnicos informantes, presente un programa formativo cuxos contidos e metodoloxía sexan máis adecuados para o logro dos obxectivos (tratase de proporcionar os coñecementos adecuados e habilidades necesarias para que a formación teórica sirva de conducto para capacitar ós beneficiarios en oficios profesionais ou de servizos, nos que podan desenvolver unha labor plena nun futuro).

Obterán 0 puntos os que non garantan, á vista do programa e metodoloxía presentada, unha capacitación adecuada dos beneficiarios. O resto de puntuacións asignarase en función do xuízo de valor realizado polo/a técnico informante

12.3.- PREFERENCIA EN CASO DE EMPATE.

En aplicación do establecido no artigo 147.2 da LCSP establécese a preferencia na adxudicación deste contrato para as proposicións presentadas por empresas públicas ou privadas que no momento do vencemento do prazo de presentación de ofertas cumpran os criterios sociais sinalados no dito artigo e pola orde establecida.

DÉCIMO TERCEIRA. ADXUDICACIÓN DO/S CONTRATO/S.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 18x200090248

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-5-2018

A adxudicación do/s contrato/s será realizada polo órgano de contratación, a proposta da mesa de contratación quen clasificará por orden decrecente as proposicións presentadas.

A tal efecto a Mesa de Contratación **comprobará la documentación presentada e de ser o caso, a información que se reflicta no ^(*) Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia**, en particular que:

1º.- A empresa está debidamente constituída e ten capacidade de obrar e que as prestacións obxecto do contrato están comprendidas dentro dos seus fins e obxecto social.

^(*) *No caso de non figurar esta información nos ditos Rexistros, a acreditación da **personalidade e capacidade** do licitador realizarase:*

a) *Se se trata de empresario individual (persoa física), copia auténtica do DNI.*

b) *Os restantes empresarios (persoas xurídicas):*

- Escritura de constitución ou modificación se é o caso debidamente inscrita no seu correspondente rexistro mercantil cando este requisito fose esixible conforme á lexislación que lle sexa aplicable.

Se é o caso, mediante a presentación de escritura ou documento de constitución ou modificación dos estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos se é o caso, no correspondente Rexistro Oficial.

- Copia do DNI da persoa representante asinante da proposición.

2º.- Que o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta e que non se atopa en situación de prohibición de contratar.

^(*) *No caso de non constar esta información nos ditos Rexistros a extensión das facultades do representante ou apoderado acreditarase:*

Mediante o bastanteo do poder para o que presentará documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar inscrito no Rexistro Mercantil.

O dito documento ou poder de representación deberá estar bastanteado por funcionarios/as do servizo municipal de contratación do Concello habilitados ó efecto con anterioridade ó remate do prazo establecido para a presentación da documentación e ofertas. O bastanteo é gratuíto.

3º.-Que a empresa se atopa de alta no IAE no epígrafe correspondente ao obxecto deste contrato e ao corrente no seu pagamento, se fose o caso.

^(*) No caso de non constar esta información nos ditos Rexistros acreditarase:

Coa presentación da alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas, completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do dito imposto.

Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no dito imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións reguladas no artigo 82.1. do Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá xustificarse mediante unha resolución expresa da concesión da exención da Administración competente ou unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Os suxeitos pasivos aos que se refire o artigo 82.1.a), d), g) e h) do Real Decreto legislativo 2/2004 non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto.

4º.- Que a empresa se atopa ao corrente coas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e coa Seguridade Social tendo en conta a data de validez dos correspondentes certificados que consten nos ditos rexistros.

^(*) No caso de non constar esta información nos ditos Rexistros achegarse:

- Certificación positiva da Axencia Estatal da Administración Tributaria
- Certificación positiva da Seguridade Social

A comprobación de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias co Concello de Lugo – referido ao momento de presentación de ofertas - realizarase de oficio polo que, de acreditarse a existencia de débedas co Concello, esta circunstancia suporá unha falsidade na súa declaración responsable que impedirá realizar a adxudicación ao seu favor por atoparse en prohibición para contratar.

5º.- Que ten a clasificación esixida no prego de cláusulas administrativas ou que a clasificación establecida permite substituír a solvencia económica e técnica esixida.

6º.- No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a recollida, de ser o caso, nos artigos 67, 68, 69.5, 84.2 e 3., 159.4 g) e Disposición adicional decimosexta letra k).

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de xeito oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 18x200090248

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-5-2018

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo/a funcionario/a encargado/a do Rexistro deste Excmo. Concello.

(¹) No caso de que a empresa non estivese inscrita nos anteriores rexistros ou no caso de que a información facilitada neles non fose suficiente ou non válida para poder ser adxudicatario (como pode ser a solvencia ou as habilitacións legalmente esixibles que non figura nesas Rexistros) , requiriráselle ao licitador proposto para que no **prazo máximo de 10 días hábiles** dende a notificación deste requirimento presente ou complete a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a) a c) do apartado 1 do artigo 140, necesarias para poder ser adxudicatario así como das circunstancias das empresas a cuxas capacidades se recorra.

Así mesmo **requirirase para que no mesmo prazo de 7 días se acredite**, se fose o caso, a dispoñibilidade efectiva dos medios persoais e/ou materiais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato así como a **acreditación de ter constituído a garantía definitiva**.

En relación coa **dispoñibilidade efectiva dos medios**, o licitador proposto, dentro deste prazo de 7 días hábiles **deberá presentar a documentación xustificativa que permita acreditar**:

1º.- A disposición efectiva dos medios persoais que se comprometeu a adscribir para a execución do contrato e, particular deberá achegar:

- Compromiso de dispoñibilidade para a execución do contrato **asinado por todos e cada un do persoal docente especializado e o persoal especializado para o seguimento e titorización** que a empresa se comprometeu a adscribir a este contrato na súa oferta e conforme os pregos.
- Curriculum Vitae dos traballadores que permitan acreditar as titulacións, experiencia e coñecementos esixidos nos pregos de condicións técnicas.

2º.- A disposición efectiva dos medios materiais que se comprometeu a adscribir para a execución do contrato (para o caso dos lotes 2 e 6) consistente en aulas homologadas pola Xunta de Galicia e adecuadas para a impartición da formación teórica. Identificarán a ubicación das aulas xunto cunha descrición delas.

O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e ausencia de prohibición para contratar será o de finalización do prazo de presentación das proposicións.

De non atenderse adecuadamente o requirimento no dito prazo –ou de non subsanarse os defectos ou omisións advertidos no prazo de subsanación concedido - entenderase que o licitador retira a súa oferta procedéndose nese caso a requirir a

presentación da mesma documentación ao licitador seguinte pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas. Asimesmo esixiráselle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de **penalidade** así como á incoación de expediente de **prohibición para contratar conforme o artigo 71. 2 a) da LCSP** no caso de apreciarse dolo, culpa ou negligencia.

O órgano de contratación adjudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Unha vez acordada a adjudicación do contrato, notificarase aos candidatos ou licitadores por medios electrónicos e, simultaneamente, publicarase anuncio de adjudicación no perfil do contratante no prazo máximo de 15 días, todo esto de conformidade co artigo 151 da LCSP.

DÉCIMO CUARTA. FORMALIZACIÓN DO/S CONTRATO/S.

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do prazo máximo de **quince días hábiles** a contar dende o seguinte ó da notificación da adjudicación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

No caso de que o contrato fora adjudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

Cando por causas imputables ao contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo sinalado esixiráselle o importe do 3% do orzamento base de licitación IVE excluído, en concepto de penalidade que se fará efectivo en primeiro lugar contra garantía definitiva si se houberse constituído sen prexuízo da incoación de expediente de **prohibición para contratar conforme o artigo 71. 2 b) da LCSP**.

A formalización dos contrato publicarase xunto co correspondente contrato no prazo non superior a 15 días dende o perfeccionamento no perfil do contratante.

DÉCIMO QUINTA. EXECUCIÓN DO/S CONTRATO/S. MODIFICACIÓNS PREVISTAS DO/S CONTRATO/S. CESIÓN. SUBCONTRATACIÓN.

1. Os traballos executaranse con estricte suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de prescricións técnicas aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica deste dera ao contratista o responsable do contrato:

É responsable deste contrato un/unha Axente de emprego e desenvolvemento

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 18x200090248

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-5-2018

local.

Así mesmo, a unidade encargada do seguimento e execución ordinaria do contrato será Espazo LAB.

Cando as instrucións foran de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

O responsable municipal do contrato velará pola axeitada xestión contractual de modo que na súa execución non se dean situacións que poidan propiciar a existencia dunha cesión ilegal de traballadores.

En concreto velará porque:

- O contratista achegue a súa propia dirección e xestión ao contrato e sexa responsable da organización do servizo.
- O contratista a través dos seus delegados se responsabilice de impartir aos traballadores adscritos a este contrato as correspondentes ordes, criterios de realización do traballo e directrices de modo que o Concello de Lugo sexa alleo a estas relacións laborais.
- O contratista canalice a través dos seus delegados as posibles incidencias de cara a prestar adecuadamente o servizo.

O responsable municipal do contrato deberá corrixir inmediatamente calquera incidencia ou desviación na execución que poida supoñer infracción das anteditas regras propoñendo e instruindo, se fose o caso, o oportuno expediente, por incumprimento contractual, de imposición de penalidades ou de resolución do contrato.. Así mesmo propoñerá as modificacións contractuais oportunas e realizará un seguimento do cumprimento das condicións especiais de execución do contrato e obrigas contractuais esenciais.

Ademais, en execución das prerrogativas do órgano de contratación recollidas no artigo 190 da LCSP e na cláusula SEGUNDA deste prego, o responsable do contrato exercerá as facultades de inspección das actividades desenvolvidas polos contratistas durante a execución do contrato.

2. Se durante o desenvolvemento dos traballos se detectase a conveniencia ou necesidade da súa modificación ou a realización de actuacións non contratadas, actuarase na forma prevista nos artigos 203 e seguintes da LCSP.

3.-De conformidade co artigo 214 da LCSP **autorízase** expresamente ao contratista a **ceder os dereitos e obrigas** dimanantes do contrato a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 214 da LCSP.

4.- De conformidade co artigo 215 da LCSP a empresa contratista **poderá** concertar con terceiros a realización parcial da prestación obxecto deste contrato sempre e cando se comunique por escrito a intención de celebrar o subcontrato conforme o dito artigo.

O licitador deberá indicar na súa oferta económica a parte do contrato que teñan previsto contratar, a identidade do subcontratista e o importe.

Deberá acreditar que o subcontratista ten aptitude para executar a parte da obra que se subcontrata, que non se atopa en prohibición para contratar e que cumprirá tódalas condicións especiais de execución esixidas no prego mediante declaración responsable -conforme o modelo do Anexo I - asinada por este e que se achegará dentro da documentación que presente o licitador xunto coa oferta económica.

En todo caso o contratista deberá comunicar anticipadamente e por escrito ó Concello de Lugo a súa intención de celebrar subcontratos o seu importe e identidade do subcontratista. En caso de que os subcontratos difiran do indicado na oferta non poderán celebrarse ata que transcorran 20 días dende que se notifique e acredite o cumprimento dos requisitos do apartado anterior.

A falta de comunicación da celebración de subcontratos así como a infracción dos requisitos establecidos no artigo 215 da LCSP dará lugar á imposición de penalidade de ata o 50% do importe do subcontrato ou ben á resolución do contrato.

O contratista está obrigado a aboar aos subcontratistas o prezo pactado entre eles debendo cumprir o establecido no artigo 216 da LCSP.

Aos efectos do artigo 211.f) da LCSP faise constar que a falta de pagamento a provedores e subcontratistas para a execución desta obra poderá dar lugar á resolución deste contrato.

De conformidade co artigo 217 da LCSP o Concello de Lugo poderá comprobar o estrito cumprimento dos pagamentos do contratista cos seus subcontratistas e subministradores. En consecuencia o contratista está obrigado a pagar ós subcontratistas e/ou subministradores os prezos pactados nos prazos legalmente establecidos e xustificar esta circunstancia ó Concello de Lugo cando así se requira.

As obrigas sinaladas anteriormente teñen a consideración de **condición especial de execución** e o seu incumprimento dará lugar á imposición de penalidades previstas neste prego así como á resolución do contrato de conformidade co articulo 211 da LCSP.

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 18x200090248

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-5-2018

A subcontratación de prestacións obxecto do contrato por parte do contratista non poderá ser causa para eludir o cumprimento por parte deste último das condicións especiais de execución nin de ningunha obriga establecida nos pregos reguladores da contratación.

O contratista principal asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ao Concello, conforme ao estipulado nos pregos e nos termos do contrato, e neste sentido e respecto das subcontratacións que puideran concertarse será o responsable último do cumprimento polos subcontratistas das obrigas impostas nas disposicións vixentes en materia laboral en particular o pagamento dos salarios e cotizacións a que veña obrigado, así como a cumprir as obrigas en materia de seguridade social e de seguridade e Hixiene no traballo impostas nas disposicións vixentes.

Sempre que se cumpran as condicións establecidas no artigo 215 a 217, e conforme aos requisitos que previamente se determinen para o ámbito estatal, o órgano de contratación, mediante acordo motivado para cada caso concreto, poderá facer uso das facultades recollidas na Disposición adicional quincuaxésima primeira

5.- O contratista achega a súa propia dirección e xestión ao contrato sendo responsable da organización do servizo, da calidade técnica dos traballos que desenvolve e das prestacións e servizos realizados.

A empresa contratista asume a obriga de exercer de modo real, efectivo e continuo sobre o seu persoal encargado da execución do contrato o poder de dirección inherente a todo empresario e disporá dunha estrutura xerarquizada que se fará responsable de impartir aos seus traballadores as correspondentes ordes, criterios e directrices de realización de traballo.

A empresa contratista **designará un delegado** que se encargará da dirección e organización da actividade dos traballadores da empresa adscritos á execución deste contrato así como do control da vixilancia do horario e xornada de traballo deles correspondéndolle á empresa a concesión de licenzas, vacacións, permisos e substitucións do persoal así como calquera outra manifestación das facultades do empregador sendo o Concello de Lugo de todo alleo a estas relacións laborais. En todo caso o servizo quedará sempre convenientemente cuberto.

Corresponde exclusivamente a este delegado relacionarse co responsable municipal do contrato a efectos de coordinación e seguimento do contrato. A través deste delegado canalizaranse as posibles incidencias que se detecten por parte do responsable municipal.



DÉCIMO SEXTA.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS. CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN CON CARÁCTER DE OBRIGAS CONTRACTUAIS ESENCIAIS.

16.1.- O/os contratista/s están obrigados a **cumprir as obrigas impostas nas disposicións vixentes en materia laboral en particular o pagamento dos salarios indicados no Convenio Colectivo Sectorial aplicable en cada momento (ou os salarios mellorados na súa oferta) e cotizacións a que veña obrigado así como a cumprir as obrigas en materia de Seguridade Social** e de seguridade e Hixiene no traballo impostas nas disposicións vixentes. É dicir, é obriga do adxudicatario, conforme ao disposto no artigo 122.2 da LCSP, cumprir, como mínimo, as condicións salariais dos traballadores conforme ao Convenio Colectivo sectorial de aplicación. Asimesmo estará obrigado ao cumprimento das melloras salariais e laborais así como do plan de formación ofertado.

O/Os contratista/s están obrigados ao cumprimento do Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, de igualdade para mulleres e homes, a Lei 31/1995, de 8 de novembro, sobre prevención de riscos laborais e o regulamento de servizos de prevención ou as disposicións que en cada momento a este respecto estean vixentes.

Así mesmo o contratista deberá cumprir as obrigas aplicables en materia medioambiental, social ou laboral establecidas no dereito da Unión Europea, dereito nacional e os convenios colectivos ou disposicións de dereito internacional establecidas no artigo 201 da LCSP. O órgano de contratación poderá adoptar as medidas necesarias para comprobar, tanto durante o procedemento de licitación como durante a execución do contrato, que se cumpren as obrigas indicadas.

As obrigas establecidas neste parágrafo 17.1 configúranse como **condicións especiais de execución ás que se lles atribúe carácter de obrigas contractuais esenciais de conformidade co artigo 202 da LCSP, podendo dar lugar o seu incumprimento á resolución do contrato ou á imposición de penalidades.**

16.2.- Para o **cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais** así como do RD 171/2004, 30 de xaneiro, en materia de coordinación de actividades empresariais, deberá aportar (preferentemente en formato PDF) para a súa remisión ao Gabinete de Prevención de Riscos Laborais do Concello de Lugo **con carácter previo ao inicio da prestación de que se trate**, a seguinte documentación:

- Documento que acredite que dispón dunha modalidade preventiva conforme ao indicado no capítulo III do RD 39/1997 (e que se atope ao corrente de pagos no suposto de optar por un Servizo de Prevención Alleo ou Mancomunado.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 18x200090248

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-5-2018

-Avaliación de riscos segundo o indicado no Capítulo II do RD 39/1997 para os servizos contratados (preferiblemente en formado PDF).

- A planificación da súa actividade preventiva segundo o indicado no Capítulo II do RD 39/1997.

- Listaxe dos riscos específicos das actividades que podan afectar aos traballadores do Concello e doutras empresas.

- Relación de traballadores que acudirán ás instalacións do Concello.

- Achegar certificados de formación respecto dos traballadores que vaian prestar os seus servizos nos centros do Concello tal e como se establece no artigo 19 da Lei 31/1995.

-Achegar documento que xustifique que se cumpren coas obrigas de información respecto dos traballadores que vaian prestar os seus servizos nos centros de traballo do Concello.

- Documento que certifique que proporciona aos seus traballadores os EPIs axeitados para o desempeño dos traballos contratados.

- Documento que certifique que se garante aos traballadores que vaian prestar os seus servizos en centros do Concello a vixilancia periódica do seu estado de saúde en función dos riscos inherentes ao posto de traballo, de non ser necesario documento que acredite a renuncia ao mesmo.

- Comunicación ao Concello en caso de que se produzan sobre os accidentes de traballo que se produzan como consecuencia dos riscos das actividades concorrentes.

- Comunicación ao Concello de toda situación de emerxencia susceptible de afectar á saúde ou á seguridade dos traballadores das empresas presentes no centro de traballo.

- Cubrir a declaración expresa responsable, se é o caso, de que teñen establecido os medios de coordinación necesarios.

- Actas de nomeamento do Recurso Preventivo para os traballos de especial perigosidade contemplados na normativa de Prevención de Riscos Laborais.

- Declaración CE de Conformidade os equipos a utilizar o na súa ausencia certificado de adecuación ao RD 1215/1997, se procede.

- ITV dos vehículos a utilizar se procede.

Toda a documentación arriba indicada non sería de aplicación no caso de autónomos sen traballadores por conta allea ao seu cargo.

No caso de autónomos sen traballadores por conta allea ao seu cargo, deberán achegar a seguinte documentación:

- NIF do autónomo.

- Xustificante de pagamento á seguridade social por parte do autónomo.

- Informe dos riscos e as medidas preventivas do posto de traballo que vai desempeñar nos centros de traballo do Concello.

No caso de non achegar a dita documentación, cando sexa requirida con carácter previo, non poderá realizarse a contratación. O non mantemento de tales requisitos durante o prazo de vixencia do contrato dará lugar á súa rescisión sen que iso xere ningun tipo de indemnización a favor da empresa.

Xúntase **ANEXO I** ó presente prego para que sexa cuberto pola empresa e enviado ó Concello.

O incumprimento destas obrigas por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por él non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

DÉCIMO SÉTIMA. RESPONSABILIDADE DO/S ADXUDICATARIO/S E OBRIGAS ESPECIAIS.

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estritamente ó presente prego, ás condicións técnicas particulares e demais aspectos contractuais, así como o previsto no TRLCSP.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentarse, previamente á formalización do contrato administrativo, seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo. Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración.

O contratista adxudicatario estará obrigado a gardar sixilo sobre o contido do contrato e a non facer uso dos datos que coñeza ou dos que dispoña, para outras finalidades que o obxecto da contratación.

DÉCIMO OITAVA. PAGAMENTO.

O pagamento efectuarase:

Mediante **facturas bimensuais** de acordo co número de horas que se imparta en cada bimestre expedidas pola empresa, debidamente conformadas polo responsable da Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local encargado do seguimento e coordinación e maila Concelleira delegada da Área correspondente. Os contratistas deberán achegar a documentación establecida na cláusula sétima dos pregos de prescricións técnicas, esto é:

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 18x200090248

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-5-2018

- Nominas ou facturas do persoal adscrito ao proxecto necesario para as actividades directas coas persoas participantes, quedando excluído o persoal que realice tarefas administrativas ou de verificación.
- TCs correspondentes ao persoal referido.
- Facturas correspondentes aos gastos elixibles e necesarios para a implementación da docencia e dos itinerarios.
- Xustificantes de transferencia e pago dos gastos relacionados anteriormente.

No caso de ser requirida a presentación de determinada documentación, conforme ao estipulado na cláusula décimo sexta, para a comprobación do cumprimento de obrigas contractuais esenciais, ésta deberá ser aportada no prazo sinalado no requirimento, non entendéndose debidamente presentadas as facturas posteriores ao remate deste prazo, que por conseguinte serán devoltas sen tramitar, sen prexuízo doutras accións que poidan corresponder.

As facturas deberán ter un formato electrónico e presentarse a través do Punto Xeral de Entrada das Facturas Electrónicas dirixidas a este Excmo. Concello de Lugo configurado na plataforma electrónica "FACE: Punto General de Entrada de Facturas electrónicas", da Secretaría de Estado das Administracións Públicas, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Os códigos asinados ó Concello de Lugo e que deberán terse en conta para a emisión da factura son os seguintes:

Oficina Contable: L01270288 Excmo. Concello de Lugo.
Órgano xestor: LA0005483. Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico.
Unidade Tramitadora: LA0005544 Espazo LAB.

En todo caso, deberá incluírse na factura electrónica a identificación do nº de expediente de contratación: **Exp. Ref. 52-2017**

DÉCIMO NOVENA.- PENALIDADES.

Impoñeranse penalidades ao contratista cando incorra nalgunha das causas previstas a continuación:

a.- Por incumprimento das condicións especiais de execución.

Poderá dar lugar á imposición de penalidades o incumprimento das condicións especiais de execución establecidas nas **cláusulas**:

- décimo quinta relativa ao cumprimento dos requisitos en materia de subcontratación e pagamento a subcontratistas

- décimo sexta relativa ao cumprimento das obrigas sociais e salariais
- sexta no caso de que se esixise compromiso de adscripción de medios.

A imposición de penalidades procederá cando esta medida alternativa á resolución do contrato contribúa a satisfacer en maior medida o interese público ou de protección dos traballadores permitindo a continuación da execución do contrato.

Como regra xeral, a contía da penalidade será do 1% do importe de adjudicación do contrato (IVE incluído) para a primeira anualidade, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, podendo neste caso alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento ou desobediencia ás instrucións poderá terse en conta para avaliar a gravidade.

O cumprimento polo adxudicatario das condicións especiais de execución poderá verificarse polo órgano de contratación en calquera momento durante a execución do contrato e, en todo caso, comprobarase ao tempo da terminación do contrato.

b.- Por incumprimentos contractuais:

O Concello poderá esixir responsabilidade á empresa adxudicataria pola infracción dos seus deberes con independencia do procedente respecto á extinción do contrato.

Os incumprimentos clasifícanse en leves, graves e moi graves.

a) Leves.

- As que impliquen irregularidades na observancia das obrigas e deberes contidos neste prego, sen transcendencia directa apreciable na prestación do servizo.
- As que impliquen negligencia na prestación do servizo e non supoñan unha alteración grave do seu funcionamento.
- A desobediencia leve nas ordes que emanan dos responsables municipais do contrato e que se dicten para a eficaz e normal prestación do servizo.

b) Graves.

- A desobediencia grave ás ordes que emanen dos técnicos municipais responsables do contrato e que se dicten para a eficaz e normal prestación do servizo en particular a desobediencia das ordes tendentes a evitar unha situación de cesión ilegal de traballadores.
- As accións e omisións que alteren a regularidade na prestación do servizo.

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 18x200090248

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-5-2018

- Trato irrespectuoso cos beneficiarios/as das accións formativas, persoal municipal ou axentes da autoridade, así como calquera acción do persoal que supoña un desprestixio do servizo.
- Non acudir ás reunións de seguimento do contrato cando sexa convocado.
- Non gardar o debido segredo profesional respecto dos asuntos que se coñezan en razón dos servizo prestado.

c) Moi graves.

- Incumprir as normas laborais ou convenio colectivo do persoal a empregar.
- Ceder, arrendar ou subcontratar o servizo sen a debida autorización municipal.
- Abandono do servizo, as faltas repetidas de puntualidade, a negligencia ou descoido continuado.
- A notoria falla de rendemento, a prestación incorrecta e defectuosa do servizo, tanto na súa calidade como na cantidade.
- A negativa infundada a realizar os servizos ou tarefas ordenados por escrito polos técnicos municipais ou persoas responsables, sempre que esta sexa unha actitude directamente imputable á empresa ou ós seus directivos responsables.
- Calquera conducta constitutiva de delito, especialmente as coaccións e roubo ós usuarios do servizo.
- As ofensas verbais ou físicas ou o trato vexatorio ós usuarios.

As consecuencias da comisión dos ditos incumprimentos que se impoñerán ao contratista como resultado do expediente instruído a tal efecto serán as seguintes:

- No caso de incumprimentos leves: multa ata 300 €.
- No caso de incumprimentos graves: multa de 301 a 900 €.
- No caso de incumprimentos moi graves: multa de 901 a 1800 € ou, alternativamente, resolución do contrato.

No procedemento que se tramite ao efecto darase audiencia ao contratista, practicarase a información e proba necesaria para a xustificación dos feitos e observaranse as garantías xurídico-administrativas prescritas pola Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común, no que resulte aplicable.

A resolución do expediente será competencia do órgano de contratación.

VIXÉSIMA.- EXTINCIÓN DO/S CONTRATO/S.

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas no artigo 211 e 313 da LCSP así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas nas condicións de execución establecidas no

prego de prescricións técnicas, do prego de cláusulas administrativas ou das ofertadas pola empresa.

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 212 e 313 da LCSP.

Os efectos do artigo 211.f) da LCSP considéranse **obrigas contractuais esenciais**, dando lugar o seu incumprimento á resolución do contrato, as sinaladas na cláusula décimo sexta destes pregos.

Asimesmo tamén dará lugar á resolución do contrato a comisión dalgunha das **faltas graves ou moi graves** que se sinalan na cláusula décimo novena deste prego.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contraditorio no que se lle outorgue audiencia ao contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

A resolución do contrato por incumprimento culpable do contratista, ademais de ser causa que permitiría a incoación de expediente de declaración de prohibición para contratar conforme o artigo 71.2 , implicará a incautación da garantía definitiva sen prexuízo da indemnización, se é o caso, polos danos e prexuízos causados no que exceda do importe da garantía definitiva.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- RÉXIME DE RECURSOS.

Contra os actos que se relacionan no artigo 40 do TRLCSP relativos a contratos que non sexan susceptibles de recurso especial en materia de contratación por non atoparse nos supostos descritos no dito artigo, e de conformidade co establecido nos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común caberá a interposición do recurso potestativo de reposición, no prazo de un mes, contado a partir do seguinte ó da notificación ou publicación do acto ante a Xunta de Goberno Local, ou ser impugnados directamente ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo.

ANEXO A “PRESENTACIÓN DE PLICAS”



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 18x200090248

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-5-2018

ANEXO A "PRESENTACIÓN DE PLICAS"

DATOS DO LICITADOR

NOME DA EMPRESA (Se é empresario individual indicar nome e apelidos)

ENDEREZO:

TELÉFONO:

CORREO ELECTRÓNICO:

DOCUMENTO DE IDENTIDADE:

DNI/NIF TARXETA
 PASAPORTE NIE

Autorízolle ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese. O enderezo para os efectos de notificación será o consignado na solicitude como actual.

NÚMERO	LETRA

REPRESENTANTE LEGAL (só no caso de que a persoa interesada actúe por medio de representación legal):

NOME:

1º APELIDO:

2º APELIDO:

DOC. IDENTIDADE:

TELÉFONO:

CORREO ELECTRÓNICO:

DOCUMENTO QUE ACREDITA A REPRESENTACIÓN:

PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN AO CAL CONCORRE

EXPTE. REF.: 52-2017

DENOMINACIÓN: CONTRATACIÓN – LOTES 2 E LOTE 6 - DA IMPLEMENTACIÓN DE ITINERARIOS INTEGRADOS PARA A MELLORA DA FORMACIÓN E A EMPREGABILIDADE DAS PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL, NO MARCO DO PROXECTO "EMPREGALIA" COFINANCIADO NUN 91,89% POLO FONDO SOCIAL EUROPEO (CÓDIGO PROXECTO: 17241EMPREGALIA)

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:

SOBRE A.-DECLARACIÓN S RESPONSABLES E OUTRAS DECLARACIÓN S e PROPOSTA TÉCNICA SUXEITA A CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR.

SOBRE B.-OFERTA ECONÓMICA E SUXEITA A CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE.

Lugo, _____ de _____ de
A PERSOA INTERESADA OU REPRESENTANTE



CSV: /M3r7uRobtL1Yr5lvpURbQ==

SINATURAS

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO

PAXINA: 40 / 55

DATAS(UTC)

18/05/2018 07:56:26

18/05/2018 07:56:27



En cumprimento do disposto pola Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o Concello de Lugo infórmaa/o de que os datos persoais obtidos deste documento serán incorporados a un ficheiro, do que é responsable o Concello de Lugo, coa única finalidade de levar a cabo as actuacións administrativas que, de ser o caso, se deriven da súa solicitude ou para realizar comunicacións do seu interese para os efectos informativos. Se o desexa, pode acceder aos datos facilitados, así como solicitar, se é o caso, a rectificación, oposición ou cancelación, nos termos establecidos na lei indicada, comunicándollo a este Concello.

ANEXO I

DECLARACIÓN RESPONSABLE COMPLEMENTARIA DO DOCUMENTO ÚNICO EUROPEO DE CONTRATACION

D./D.^a con domicilio en, e D.N.I. n.º: en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación da empresa inscrita no Rexistro de Licitadores de (indicar o Rexistro) co n.º, en calidade de), co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN – LOTES 2 E LOTE 6 - DA IMPLEMENTACIÓN DE ITINERARIOS INTEGRADOS PARA A MELLORA DA FORMACIÓN E A EMPREGABILIDADE DAS PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL, NO MARCO DO PROXECTO “EMPREGALIA” COFINANCIADO NUN 91,89% POLO FONDO SOCIAL EUROPEO (CÓDIGO PROXECTO: 17241EMPREGALIA) declaro baixo a miña responsabilidade:**

(Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para isto.)

1º.- Que o asinante desta declaración, a compañía mercantil á que represento e os administradores e representantes da mesma reúnen tódolos requisitos legalmente establecidos para poder contratar co Concello de Lugo o servizo de referencia e teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 70 da Lei 9/2017 de contratos do sector público.

2º.- Que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso, e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 18x200090248

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-5-2018

3º.- Que a empresa que represento atópase ó corrente coas obrigas tributarias co Excmo. Concello de Lugo.

4º.- Que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 3/2015 de 30 de marzo reguladora do exercizo de alto cargo da Administración Xeral do estado ou as respectivas normas das Comunidades Autónomas, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a Lei 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

5º.- Que cumpro a obriga de ter empregados traballadores discapacitados nun 2 por 100 polo menos da plantilla da empresa de conformidade co artigo 42 do Real Decreto Lexislativo 1/2013 de 29 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social. *Sinalar o que proceda:*

- **SI**
- **NON** . Por ter menos de 50 traballadores.

No caso de ter optado polo cumprimento das medidas alternativas deberán achegar xunto con esta declaración responsable unha copia da declaración de excepcionalidade e unha declaración do licitador das medidas concretas aplicadas a tal efecto.

6º.- Que cumpro a obriga de contar un plan de igualdade de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei Orgánica 3/2007 de 22 de marzo de igualdade para mulleres e homes:

- **SI**
- **NON** . Por ter 250 traballadores ou menos.

En relación cos apartados 5º e 6º e para o caso de superar o número de traballadores indicados **me comprometo** a cumprir as obrigas indicadas no Real Decreto Lexislativo 1/2013 de 29 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social así como na Lei Orgánica 3/2007 de 22 de marzo de igualdade para mulleres e homes.

7º.- Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores (*indicar cal é o rexistro*) co nº.....

- **Non foron alterados** en ningunha das súas circunstancias.

- Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores referentes a:

1.
2.

3.....
sí sufriron alteración segundo se acredita mediante os documentos que se achegan a esta declaración e que estas circunstancias foron comunicadas ao Rexistro con data, manténdose o resto dos datos sen alteración algunha respecto do contido da certificación do Rexistro.

8º.- Que a entidade mercantil á que represento (*consignar o que proceda*):

Opción A: Non pertence a un grupo de empresas nin está integrada por ningún socio no que conorra algún dos supostos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio.

Opción B: Si pertence ao grupo de empresas ou está integrada por algún socio no que conorre algún dos supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio.

Nota: As opcións A e B son incompatibles entre sí, **sinale soamente a que corresponda.**

RELACIÓN EMPRESAS VINCULADAS COA EMPRESA OFERENTE

Nome ou razón socialNIF.....

- 1.-
- 2.-
- 3.-

9º.- Que o asinante desta declaración, a compañía mercantil á que represento e os administradores e representantes da mesma non interviñeron en negociación e/ou acordo algún para falsear a competencia e que non ten coñecemento da existencia dun posible conflito de intereses debido a súa participación neste procedemento de contratación.

10º.- Así mesmo **autorizo** ó órgano de contratación a obter os datos que obren en poder doutras Administracións que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

11º.- No caso de esixirse a adscrición de determinados medios: Que me comprometo a adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais cos requisitos esixidos no prego de cláusulas administrativas (Cláusula QUINTA).

12º.- No caso de empresas estranxeiras: Que acepto expresamente o sometemento á xurisdicción dos xulgados e tribunais españois para resolver tódalas incidencias que podan xurdir con renuncia ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidera corresponder.

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 18x200090248

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-5-2018

13º.- No caso de Unións Temporais de empresas:

- D./D.ª:
- Con D.N.I. nº:
- Actuando en nome propio ou en representación da:
 - Empresa (A):
 - Con NIF nº:
 - Domicilio a efectos de notificacións en:
 - De acordo coa escritura de poder nº
 - Teléfono de contacto:
 - Correo electrónico de contacto:

- D./D.ª:
 - Con D.N.I. nº:
 - Actuando en nome propio ou en representación da:
 - Empresa (B):
 - Con NIF nº:
 - Domicilio a efectos de notificacións en:
 - De acordo coa escritura de poder nº
 - Teléfono de contacto:
 - Correo electrónico de contacto:
- (Repetir apartados no caso de máis empresas)

DECLARAN BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- a). Que manifiestan a súa vontade de constituír unha unión temporal de empresas (UTE) comprometéndose, no caso de resultar adxudicatarios do contrato obxecto de licitación, a formalizar a constitución de dita UTE en escritura pública.
- b). Que a participación que cada empresa ostentará na Unión Temporal de Empresas será a seguinte (expresada en porcentaxe): (A):% (B):.....%
- c). Que, aos efectos mencionados, designan como representante único da UTE a:.....
- d). Que igualmente designan como domicilio único e válido para as notificacións que o seguinte:
E para que así conste, e aos efectos de ser admitido no procedemento de referencia, emite a presente declaración.

En ade..... de 201...
(Asinado polos representantes legais de tódolos integrantes da UTE.

14º.- No caso de ter previsto subcontratacións:

(DECLARACIÓN RESPONSABLE DO SUBCONTRATISTA):

D./D.ªco D.N.I. nº:, en nome propio ou en representación da empresa.....,en calidade de

CSV: /M3r7uRobtL1Yr5lvpURbQ==

SINATURAS
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO

PAXINA: 44 / 55
DATAS(UTC)
18/05/2018 07:56:26
18/05/2018 07:56:27

....., co obxecto poder ser **subcontratista** no **CONTRATO** -----
----- **declara baixo a súa responsabilidade:**

a).- Que o asinante desta declaración como a compañía mercantil á que represento e os administradores e representantes da mesma reúne tódolos requisitos legalmente establecidos para poder contratar co Concello de Lugo o servizo de referencia e ten plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 70 da Lei 9/2017 de contratos do sector público.

b).- Que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso, e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

c).- Que a empresa que represento atópase ó corrente coas obrigas tributarias co Excmo. Concello de Lugo

d).- Que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 3/2015 de 30 de marzo reguladora do exercizo de alto cargo da Administración Xeral do estado ou as respectivas normas das Comunidades Autónomas, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a Lei 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

e).- Que cumpro a obriga de ter empregados traballadores discapacitados nun 2 por 100 polo menos da plantilla da empresa de conformidade co artigo 42 do Real Decreto Lexislativo 1/2013 de 29 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social. *Sinalar o que proceda:*

- **SI**
- **NON** . Por ter menos de 50 traballadores.

No caso de ter optado polo cumprimento das medidas alternativas deberán achegar xunto con esta declaración responsable unha copia da declaración de excepcionalidade e unha declaración do licitador das medidas concretas aplicadas a tal efecto.

f).- Que cumpro a obriga de contar un plan de igualdade de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei Orgánica 3/2007 de 22 de marzo de igualdade para mulleres e homes. *Sinalar o que proceda:*

- **SI**
- **NON** . Por ter 250 traballadores ou menos.

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 18x200090248

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-5-2018

En relación cos apartados 5º e 6º e para o caso de superar o número de traballadores indicados **me comprometo** a cumprir as obrigas indicadas no Real Decreto Lexislativo 1/2013 de 29 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social así como na Lei Orgánica 3/2007 de 22 de marzo de igualdade para mulleres e homes.

g).- Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores (indicar cal é o rexistro):

- **Non (rodear cun círculo se fose o caso) foron alterados** en ningunha das súas circunstancias.

- Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores referentes a:

- 1.
- 2.
- 3.

sí sufriron alteración segundo se acredita mediante os documentos que se achegan a esta declaración e que estas circunstancias foron comunicadas ao Rexistro con data, manténdose o resto dos datos sen alteración algunha respecto do contido da certificación do Rexistro

h).- Que me comprometo o cumprir as condicións especiais de execución establecidas no prego de cláusulas administrativa.

i).- Así mesmo **autorizo** ó órgano de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

..... de..... de.....
(Lugar, data e sinatura do licitador)

ANEXO II (A ENTREGAR POLA EMPRESA QUE FORA SELECCIONADA POR TER PRESENTADA A OFERTA MÁIS VANTAXOSA)	
DOCUMENTACIÓN GABINETE DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS.	
DATOS:	
EMPRESA:	
ENDEREZO:	



LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSONA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX:	

MODALIDADE DE ACTIVIDADE PREVENTIVA

1º <input type="checkbox"/> CONCERTO CON SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO OU MUTUA			
NOME:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSONA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX:	
ESPECIALIDADES CONTRATADAS:			
PERÍODO DE VIXENCIA DO CONCERTO:			
* XUNTAR O CERTIFICADO DE QUE SE REALIZOU A AVALIACIÓN E O PLAN DE ACCIÓN ASÍ COMO A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DOS TRABALLADORES.			
2º <input type="checkbox"/> COMO MEMBRO DO SERVIZO MANCOMUNADO * Xuntar a acta de constitución.			
3º <input type="checkbox"/> TRABALLADOR DESIGNADO Nome e apelidos: Cargo:			
NOME EMPRESARIO:	SELO DA EMPRESA		
DNI:			
SINATURA:			
DATA:			

“



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 18x200090248

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-5-2018

B) “PREGOS TÉCNICOS QUE HAN DE REXER NO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA IMPLEMENTACIÓN DE ITINERARIOS INTEGRADOS PARA A MELLORA DA FORMACIÓN E A EMPREGABILIDADE DAS PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL , NO MARCO DO PROXECTO “EMPREGALIA” COFINANCIADO NUN 91,89% POLO FONDO SOCIAL EUROPEO (CÓDIGO PROXECTO: 17241EMPREGALIA).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Lugo, a través da Concellería de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico, está a desenvolver o Proxecto “EMPREGALIA” subvencionado cun 91,89% polo Fondo Social Europeo a través do Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais (Dirección Xeral de Relaciones coas CC.AA. e Entes Locales), cuxas accións formativas e implementación de itinerarios precisa ser contratada de xeito externo, xa que no Concello non se dispón de medios suficientes nin de persoal docente especializado para poder impartir as devanditas accións formativas, con empresas ou entidades que operan no ámbito da temática dos diferentes itinerarios que se ofertan e que, polo tanto, son potenciais xeradoras de emprego, podendo así contribuír non só á impartición de docencia, senón tamén a facilitar emprego a parte do alumnado participante no proxecto.

Esta convocatoria responde ás accións previstas no marco do proxecto “EMPREGALIA”, promovido polo Concello de Lugo ante o Ministerio da Presidencia e para las Administracións Territoriais (Dirección Xeral de Relaciones con las CC.AA.), e subvencionado nun 91,89% polo FSE, a través do Programa Operativo de Emprego Xuvenil (axudas AP-POEJ), con base na resolución do 6 de xullo de 2017 (BOE núm. 172 do 20/07/2017) da Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Autónomas e Entes Locais pola que se resolve a convocatoria 2017 de axudas do Fondo Social Europeo destinadas á integración sostible de persoas mozas no mercado de traballo no contexto do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil. polo importe total de 592.318,03 euros, relativo ao 91,89%% do total do investimento aprobado, que ascende a 644.594,66 euros, debendo achegar o Concello de Lugo o 8,11% restante, que supón unha cantidade de 52.276,63 euros. O período de execución do proxecto abrangue ata o 31 de decembro de 2018, aínda que o remate das actividades que se contratan deberá realizarse ata o 30 de novembro de 2018.

Os itinerarios integrados programados son; **OPERACIÓNS BÁSICAS DE CÁTERING (2 edicións); SOCORRISMO EN ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS (1edición).**

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto deste procedemento atense ao obxectivo concreto do proxecto “EMPREGALIA”, que é a contratación dunha/s entidade/s ou empresa/s para a implementación de itinerarios integrados con docencia especializada das accións formativas seguintes:**OPERACIÓNS BÁSICAS DE CÁTERING (2 edicións) ;**



SOCORRISMO EN ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS , pertencentes ao proxecto de referencia,

A implementación dos itinerarios consistirá na impartición da docencia especializada nas especialidades relacionadas anteriormente, así como o establecemento do itinerario integrado con seguimento contínuo das persoas participantes a través do acompañamento, titorización, orientación laboral e axuda na busca de emprego.

As persoas participantes, percibirán unha bolsa mensual, tanto na parte teórica como na práctica, e estarán cubertas por un seguro de responsabilidade civil e de accidentes que correrá a cargo do Concello de Lugo.

Os costes de licitación están dirixidos ás remuneracións do persoal adscrito ao proxecto máis un 15% para outros costes elixibles nos termos establecidos nas resolucións da Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Autónomas e Entes Locais de 6 de febreiro de 2017 e 6 de xullo de 2017.

Requisitos xerais e específicos e condicións particulares dos lotes:

Cada un dos itinerarios integrados están dirixidos a 15 persoas menores de 30 anos inscritas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

Requisitos xerais:

- O/A licitador/a deberá presentar Memoria detallada da implementación dos itinerarios, con descrición da metodoloxía a empregar, temporalización, instalacións, persoal adscrito, ferramentas informáticas, instrumentos de avaliación e calquera información que axude á mellor comprensión da proposta técnica que presenta.

- O/A licitador/a deberá contar cos medios técnicos necesarios para o correcto desenvolvemento da acción formativa e presentar relación deles xunto coa súa oferta.

Tendo en conta que os itinerarios que se licitan están destinados á obtención de certificados de profesionalidade, as empresas ou entidades adjudicatarias deberán contar inexcusamente, con aulas homologadas pola Xunta de Galicia, así como profesorado que reuna as condicións esixidas na lexislación de aplicación para o certificado correspondente.

- No caso de especialidades orientadas á obtención do certificado de profesionalidade, o/a licitador/a deberá contar alomenos con tres anos de experiencia na impartición de docencia de accións formativas dirixidas prioritariamente á formación de persoas traballadoras desempregadas.

- O/A licitador/a deberá presentar compromisos/convenios asinados con diferentes empresas ou entidades relacionadas coa temática da acción formativa onde as persoas beneficiarias poidan realizar prácticas nun entorno laboral real. Non se terán en conta as propostas que non presenten alomenos dous dos referidos compromisos/convenios.

- O/A licitador/a presentará os currículos do persoal docente especializado na materia respectiva, que deberá cumprir cos requisitos esixidos pola lexislación vixente para a impartición dos correspondentes certificados de profesionalidade.

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 18x200090248

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-5-2018

- O/A licitador/a presentará os currículos do persoal especializado no ámbito da orientación e intermediación laboral para o seguimento e titorización directa de cada un dos itinerarios integrados, en coordinación co persoal do Concello de Lugo. De seguido, menciónase cada un dos itinerarios obxecto deste contrato coas súas características e requisitos específicos e tendo en conta os citados anteriormente.

LOTE 2		IMPLEMENTACIÓN DE ITINERARIOS DE INSERCIÓN
OPERACIÓNS BÁSICAS DE CATERING		HOTR0308
Xustificación da actuación		
<p>A hostelería é unha das ocupacións con mellores perspectivas de futuro, según apunta a Estratexia Española de Activación para o Emprego 2014-2016. Son ocupacións con alta estacionalidade e que pertencen a sectores consolidados polo volumen de emprego.</p> <p>Según se sinala, se necesitan persoas cualificadas en ocupacións relacionadas co catering, dadas las excelencias gastronómicas das diferentes zonas xeográficas, que facilitan o desenvolvemento dun turismo que existe especialización en cociña e gastronomía. Outro factor clave no desenvolvemento desta ocupación é o auxe dos servizos a domicilio ocasionado polo cambio nos hábitos alimenticios da nosa sociedade.</p> <p>Ademais o turismo e a restauración é un dos sectores con maior demanda profesional da provincia de Lugo.</p> <p>As empresas o establecementos especializados en servizos de catering experimentaron un forte desenvolvemento nos últimos anos, en canto que os eventos acompañados de servizos de restauración aglutinan a gran número de persoas con difícil cabida en restaurante o porque progresivamente se está disociando o lugar de celebración dun acontecemento do lugar no que se elaboran os alimentos e bebidas para as celebracións con banquete.</p>		
Obxectivos		
<p>-Formar as persoas participantes para realizar o montaxe de xéneros, elaboracións culinarias envasadas, manaxem utillaxe e materiais varios, nos equipos destinados ao servizo de catering, recepcionar a carga procedente do servizo de catering realizado e lavar os materiais e equipos reutilizables.</p> <p>Orientado á obtención do certificado de profesionalidade.</p>		
Descrición		
Título	OPERACIÓNS BÁSICAS DE CATERING	
Módulos específica formación	<ul style="list-style-type: none"> - Aproveitamento e montaxe para servizos de catering - Recepción e lavado de servizos de catering - Módulo de prácticas profesionais non laborais. 	
Nºhoras específica formación	Teóricas: 210 Prácticas: 40 Totais: 250	
Módulo Inglés	Inglés básico encaminado ao turismo e a restauración	
Nº de horas inglés	40	
Nº alumnos/ as	15	
Persoas beneficiarios/as		
15 mozos/as menores de 30 anos, inscritas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.		
Presuposto		
20.010 euros IVE incluído.		
Observacións		
<p>A formación teórica realizarase nas aulas da entidades ou empresa adjudicataria que deberán estar homologadas pola Xunta de Galicia para a impartición do certificado de profesionalidade HOTR0308 "Operacións básicas de catering"</p> <p>A práctica profesional realizarase en empresas relacionadas coa actividade obxecto da presente acción formativa e os/as licitadores/as deberán presentar xunto coa súa oferta ao menos dous compromisos/convenios con empresas do sector no que as persoas beneficiarias poidan realizar as prácticas correspondentes, que deberán ser en un contorno real de traballo.</p> <p>A empresa/entidade adjudicataria deberá contar con persoal docente que cumpra cos requisitos establecidos no certificado de profesionalidade HOTR0308 "Operacións básicas de catering"</p> <p>O Concello de Lugo supervisará o correcto desenvolvemento da implementación do itinerario así como a coordinación entre o persoal da entidade ou empresa adjudicataria e o equipo de orientación do Concello.</p>		



LOTE 6

IMPLEMENTACIÓN DE ITINERARIOS DE INSERCIÓN

SOCORRISMO EN ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS.

AFDP0209

Xustificación da actuación

A Estratexia Española de activación para o emprego 2014-2016 indica que o auxe do turismo require a formación e capacitación de traballadores que garantan a seguridade das praias e ríos da zona.

Nos últimos anos , varias praias de Galicia perderon a bandeira azul por non dispoñer de socorristas, dado que os cursos privados de socorrismo esixen un gran desembolso económico e non todas as persoas mozas poden acceder a eles

A primeira actuación ante un accidente na auga es primordial para conseguir unha posible recuperación da persoa accidentada. Con esta perspectiva see busca impartir formación en socorrismo acuático y formación de primeiros auxilios.

Obxectivos

Formar ao alumnado para velar pola seguridade das persoas usuarias de zonas de baño público en espazos acuáticos naturais de forma autónoma o integrado nun equipo de rescate e socorrismo, velando pola seguridade, previndo que se produzan situacións potencialmente perigosas, realizando unna vixianza permanente e eficiente e intervinindo de xeito eficaz ante un accidente ou situación de emerxencia.

Orientado á obtención do certificado de profesionalidade.

Descrición

Título	SOCORRISMO EN ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS
Módulos	- Natación - Prevención de accidentes en espazos acuáticos naturais - Rescate de accidentados en espazos acuáticos naturais - Primeiros auxilios - Módulo de prácticas profesionais non laborais.
Nº horas formación específica	Teóricas : 340 Prácticas: 80 Totais: 420
Nº alumnos/as	15

Módulo Inglés Inglés básico orientado turismo.

Nº horas inglés : 40

Beneficiarios

15 mozos/as menores de 30 anos, inscritas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil

Presuposto

31.740 euros IVE incluído.

Observacións

A formación teórica realizarase nas aulas da entidades ou empresa adjudicataria que deberán estar homologadas pola Xunta de Galicia para a impartición do certificado de profesionalidade AFDP0209 "Socorrismo en espazos acuáticos naturais"

A práctica profesional realizarase en empresas relacionadas coa actividade obxecto da presente acción formativa e os/as licitadores/as deberán presentar xunto coa súa oferta ao menos dous compromisos/convenios con empresas do sector no que as persoas beneficiarias poidan realizar as prácticas correspondentes, que deberán ser en un contorno real de traballo.

A empresa/entidade adjudicataria deberá contar con persoal docente que reúna os requisitos esixidos para a impartición do certificado de profesionalidade AFDP0209 "Socorrismo en espazos acuáticos naturais".

O Concello de Lugo supervisará o correcto desenvolvemento da implementación do itinerario así como a coordinación entre o persoal da entidade ou empresa adjudicataria e o equipo de orientación do Concello

SEGUNDA.- ALCANCE E CONTIDO

A implementación dos itinerarios integrados localizárase no ámbito territorial do Excmo. Concello de Lugo, agás daqueles que por motivos das características da formación, especialmente a práctica, deba realizarse fóra do mesmo que en todo caso non será nun radio de máis de 30 Kms do término municipal.

As persoas ás que irá dirixida a implementación de cada un dos itinerarios, serán menores de 30 anos inscritas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.



CSV: /M3r7uRobtL1Yr5lvpURbQ==

SINATURAS

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO

PAXINA: 51 / 55

DATAS(UTC)

18/05/2018 07:56:26

18/05/2018 07:56:27

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 18x200090248

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-5-2018

Cada itinerario está dirixido a un total de 15 beneficiarios/as , e a empresa/entidade que resulte adxudicataria de cada lote deberá comprometerse a dar docencia a 15 alumnos/as das horas teóricas - formación específica, así como do seguimento, titorización e coordinación de toda a implementación do itinerario, en colaboración e baixo a supervisión do equipo técnico do Concello de Lugo.

Tendo en conta que a maioría dos itinerarios teñen como obxectivo a obtención do correspondente certificado de profesionalidade por parte das persoas beneficiarias, as empresas/entidades adxudicatarias, ademais da supervisión do Concello de Lugo, deberán someterse ás inspeccións que a Consellería de Economía, Emprego e Industria determine en aplicación da normativa da expedición dos certificados de profesionalidade.

TERCEIRA.- LUGAR DE EXECUCIÓN DOS SERVIZOS

A impartición da docencia especializada das horas teóricas – formación específica obxecto do contrato realizarase nas instalacións das entidades/empresas adxudicatarias que no caso das especialidades dirixidas á obtención de certificados de profesionalidade deberán estar homologadas conforme ás normas establecidas para a impartición das accións AFD da Xunta de Galicia, e cumprir os requisitos específicos sinalados en cada itinerario.

En todo caso, a empresa/entidade adxudicataria tamén poñerá os medios técnicos necesarios para o desenvolvemento da implementación dos itinerarios.

As prácticas realizaranse nas empresas ou entidades especializadas que o licitador propoña nos seus compromisos ou convenios asinados con éstas

Será obrigatorio que no lugar onde se desenvolva a formación estea exposto un cartel, que facilitará o Concello de Lugo, onde figurarán a acción formativa e o nome do proxecto dentro do que se desenvolve así como os logos do Concello de Lugo, do Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais e do FSE e Garantía Xuvenil.

CUARTA.- PRAZOS DE EXECUCIÓN

As accións formativas realizaranse, preferentemente, durante 5-6 horas/día en horario de mañá e/ou de tarde , dende a data de adxudicación, ata a data de remate da acción formativa, que **non poderá exceder do 30 de novembro de 2018** nos termos establecidos na base primeira (Obxecto do contrato) destes pregos técnicos.

QUINTA.- SEGUIMENTO E COORDINACIÓN DOS TRABALLOS

A empresa/entidade contratada designará alomenos, un/unha interlocutor/a, que de xeito directo colaborará coa coordinación dos itinerarios designada polo Concello, que poderá supervisar en todo momento o desenvolvemento das implementación dos itinerarios así como realizar:

Controis de eficacia:

- Controis de asistencia e de cumprimento do contrato.
- Visitas de control e seguimento durante a realización das accións cofinanciadas.
- Controis de avaliación previos, intermedios e finais a acción cofinanciadas,
- Control da documentación entregada ao alumnado beneficiario das accións e da documentación xustificativa da realización das accións desenvolvidas.



- A documentación esixida para a coordinación, seguimento e xustificación dos traballos realizados durante o período que dure a implementación dos itinerarios, incluíndo un informe final coa valoración académica dos alumnos formados, e subministrárase tanto en soporte informático, como en papel, adaptándose os formatos esixidos por parte da Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Lugo.

E controis financeiros:

- A entidade adjudicataria terá a disposición do Concello de Lugo, durante 5 anos a partir da liquidación do proxecto, todos os documentos contables e administrativos xustificativos da acción subvencionada, sen prexuízo das competencias que sobre a materia puidesen corresponder ao Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais, á Unidade Administradora do Fondo Social Europeo (UAFSE) ou a outros organismos competentes.

- Nos documentos que xustifiquen os correspondentes asentos contables, deberá constar a acción a que se refire, con indicación de que está cofinanciado/subvencionado polo Concello de Lugo, Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais e Fondo Social Europeo –Iniciativa Xuvenil.

- Será función expresa do persoal técnico da Axencia de Desenvolvemento Local asinar os informes e xustificantes da asistencia técnica que presentará periodicamente a entidade contratada como xustificante das actuacións realizadas previamente autorizadas pola Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local. Poderase convocar a empresa/entidade adjudicataria cantas veces sexan necesarias para garantir a adecuación dos traballos ás necesidades do proxecto e do Concello de Lugo.

SEXTA.- OBRIGAS

O/A adjudicatario/a entre outras deberá:

- Impartir a docencia especializada do itinerario integrado de que se trate.
- Levar o control de asistencia diaria das persoas beneficiarias con rexistro documental da mesma e das posibles incidencias.
- Realizar a avaliación continua da formación impartida, así como as avaliacións periódicas necesarias para ter coñecemento do progreso no seu itinerario de cada unha das persoas beneficiarias
- Implementar o itinerario formativo individualizado a cada unha das persoas beneficiarias.
- Colaborar na cumplimentación da ferramenta informática SIFO 3 para o seguimento das accións formativas orientadas á obtención do certificado de profesionalidade.
- Supervisar a actividade das persoas beneficiarias durante o periodo de prácticas en empresas.
- Realizar o cálculo das axudas das persoas beneficiarias, segundo as asistencias e proporcionalas ao Concello de Lugo mensualmente.
- Realizar o seguimento e titorización das persoas beneficiarias e comprobar a correcta implementación do seu itinerario con rexistro documental de todas as actuacións.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 18x200090248

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-5-2018

- Requerir ás persoas beneficiarias a presentación da documentación que eventualmente poida ser necesitada polo Concello de Lugo.
- Comunicar ao Concello de Lugo, as posibles incidencias que poidan xurdir no transcurso da implementación dos itinerarios integrados.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O/A adxudicatario/a presentará factura cada dous meses acompañada da documentación que acredite os gastos subvencionables:

- Nóminas ou facturas do persoal adscrito ao proxecto necesario para as actividades directas coas persoas participantes, quedando excluído o persoal que realice tarefas administrativas ou de verificación.
- TCs correspondentes ao personal referido.
- Facturas correspondientes aos gastos elixibles e necesarios para a implementación da docencia e dos itinerarios.
- Xustificantes de transferencia e pago dos gastos relacionados anteriormente.

OITAVA.- COMEZO DAS ACTUACIÓNS.

A empresa/entidade que resulte adxudicataria deberá comezar a acción formativa concertada a partir da data de sinatura do contrato administrativo.”

TERCEIRO.- Aprobar un gasto de 71.760 euros con cargo á aplicación 24102.22799 para dar cobertura ás obrigas de carácter económico que se desprenden dos contratos no exercizo 2018 (RC 2078). Trátase dun proxecto cofinanciado polo Fondo Social Europeo a traveso do Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais (Dirección Xeral de Relacións coas CC.AA e Entes Locais) que achega o 91,89%.

CUARTO.- Aprobar a adxudicación mediante tramitación ordinaria e procedemento aberto simplificado previsto e regulado polos artigos 131 e 159 da LCSP.

QUINTO.- Publicar anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Lugo aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

SEXTO.- Proceder á devolución da garantías definitivas constituída polas empresas G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L. e CRUZ ROJA ESPAÑOLA con datas 19 e 16 de abril de 2018 para poder ser adxudicatarios dos contratos.

SÉTIMO.- Notificarlles este acordo ás empresas interesadas G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L. e CRUZ ROJA ESPAÑOLA e dependencias municipais afectadas con indicación de que éste pon fin á vía administrativa e contra o que caberá a interposición dos seguintes recursos:



Concello de Lugo

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refº: 18x200090248

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-5-2018

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.

- Malia o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común ante a Xunta de Goberno Local no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excm. Sra. Alcadesa, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e a do Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.



MURALLA
patrimonio da humanidade



CSV: /M3r7uRobtL1Yr5lvpURbQ==

SINATURAS

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO

PAXINA: 55 / 55

DATAS(UTC)

18/05/2018 07:56:26

18/05/2018 07:56:27